CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2024/8
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 12 de setembro de 2024 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:

PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO
REBECA RIAL DIZ

Xente de Dodro
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA
LUCÍA YÉSICA VECINO RODRÍGUEZ

AUSENCIAS:
Xente de Dodro
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:

1.DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 2º TRIMESTRE 2024
3. DACIÓN EN CONTA A O PLENO DE ASUNTOS VARIOS

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL EXERCICIO 2023
5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOGACIÓN DO ACORDO DE NON APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 02-2024
6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS ADICIONAL 2/2024 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (EXPEDIENTE 2024/A008/000033)
7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO PLENO DO CONCELLO DE DODRO
8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024-2026

C) MOCIÓNS:

C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS:

9. MOCIÓN DO PSOE RELATIVA AO CANON DA AUGA
10. MOCIÓN DO PSOE EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA
11. MOCIÓN DO PP SOBRE O TRANSPORTE.
12. MOCIÓN DE UVD SOBRE CREACIÓN DUNHA PÁXINA WEB CORPORATIVA
13. MOCIÓN DE UVD SOBRE A CREACIÓN E AMPLIACIÓN DE SENDAS PEONÍS
14. MOCIÓN DO PSdG-PSOE EN RELACIÓN Á SUBA DO CANON QUE OS CONCELLOS ABONAN A SOGAMA POLA XESTIÓN DE RESIDUOS
15. MOCIÓN DO BNG SOBRE MELLORAS DO SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA
16. MOCIÓN DO PP EN RELACIÓN A SOGAMA
17. MOCIÓN DO BNG PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

D) CONTROL DE GOBERNO

18. ROGOS E PREGUNTAS
19. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ola, boas tardes a todos, abrimos a sesión ordinaria do Pleno do xoves 12 de setembro."*

PROPOSTAS ORDINARIAS

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que se transcribe de xeito literal a continuación:

"Exp.: 2024/G006/000419
Asunto: Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das resolucións que van desde o número 350/2024 ao 466/2024, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da Alcaldía indicadas.

2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 2º TRIMESTRE 2024

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Expediente: 2024/G006/000352

Asunto: Dación conta remisión Informes económico-orzamentarios do 2º trimestre 2024

Trámite: Proposta para o Pleno

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais:

-Periodo Medio de Pago do 2º trimestre 2024 (enviado o 30/07/2024)
-Informe de execución trimestral do 2º trimestre 2024 (enviado o 31/07/2024)
-Líneas fundamentais do presuposto 2025 (enviado o 30/07/2024)

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

3. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Aquí temos tres cousas para esta dación en conta.*

A primeira é, bueno o coñecemento que xa seguro teñen vostedes da entrega do coche para servizo de axuda ao fogar do Concello, cunha subvención da Deputación da Coruña, esta semana farase entrega as traballadoras para que empecen a utilizalo.

Tamén temos de dación en conta, o cambio de luminarias en Imo, como parte da política de aforro enerxético deste goberno, foi feito con axudas do Fondo de Compensación ambiental e estimamos que será un gran aforro para o Concello, xa quedan poucas luminarias antigas deas que consumían tanto.
E terceiro punto e bastante importante, é a petición dunha traballadora do Concello, vou facer lectura íntegra do que ela me traslada, facendo evidentemente meu, en calidade de alcalde.

Dase conta ao Pleno Municipal, para dar coñecemento da finalización do proceso xudicial, con sentenza firme, que afectou ao departamento de Servizos Sociais desta Concello. Iniciado por demanda presentada por unha traballadora do mesmo, por suposta vulneración de dereito fundamentais contra o concello de Dodro, e contra a traballadora social, María Sonia Olveira Graña. Son dúas as sentenzas no proceso, a sentenza do Xulgado do Social e a posterior do Tribunal Superior de Xustiza da Galicia, despois de que a demandante presentara un recurso de suplicación contra a primeira, SJSO A Coruña a 26 de setembro de 2023, ROJ:SJSO 4654/2023 e STSJ Galicia, a 26 de junio de 2024, ROJ:STSJ gal4674/2024, na primeira desestímase a demanda e absólvese á parte demandada, concello de Dodro e María Sonia Olveira Graña, de todas as peticións efectuadas na súa contra. E na segunda do TSX de Galicia, desestímase o recurso de suplicación confirmando a sentenza absolutoria que xa é firme."

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL EXERCICIO 2023

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE: 2024/T017/000001
ASUNTO: CONTA XERAL 2023
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Vista a Conta Xeral do exercicio 2023, xunto con toda a documentación anexa a esta, segundo a lexislación vixente, que estivo exposta ao público sen que se presentasen reclamacións, reparos ou observacións e que logo de ver o informe

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

favorable da Comisión Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2023.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e Consello de Contas), tal e como se establece no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demáis normativa concordante.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vou dar un turno de intervención a cada portavocía. Portavoz do partido socialista de PSOE."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada., tráese a Conta Xeral do exercicio 2023, tal e como se ditaminou na Comisión especial de contas , haberá que remitir a Conta Xeral ao Tribunal de Contas, ao Consello de Contas, tal como establece a normativa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*" Portavoz do grupo Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Ben, pois decir que a Conta Xeral de 2023, pois o que reflexa é a pésima xestión que vimos denunciando desde esta agrupación política. Decir que foron os orzamentos aprobados a mediados do ano e aínda así, non foron capaces de acertar minimamente. Tiñan vostedes uns créditos definitivos de gasto de catro millóns de euros e remata o exercicio con 2.642.000, unha diferenciara de 1.362.000, un 34% menos. Nos gastos teñen unha diferencia de un -19%, é dicir, non son capaces vostedes, nin de facer cumplir o seu presuposto.*
Unha cousa interesantísima, os investimentos, propuxeron vostedes 1.066.000 e soamente foron capaces de comprometer 387.000, un 63% menos. Pero é que nos ingresos igual, prevén vostedes uns ingresos por taxas de 453.000 e se quedan en 230.000, un 50% menos.

En transferencias correntes, propoñen vostedes 2.043.000 e soamente son capaces de chegar a 1.639.000, 400.000 euros menos, un 25% menos. En transferencias de capital, prevén vostedes 810.000 e se quedan en 297.000, unha diferencia de 510.000 euros menos, un 60%.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Pero é que ahora comparativamente, miren vostedes, no ano 2018, cando era alcalde Valentín Alfonsín, executouse o 81% dos gastos, vostedes chegan agora ao 66.
A inversión por habitante no ano 2018, era de 180 euros, vostedes chegan a 145. O esforzo inversor no 2018 era de 0,19 o seu foi de 0,15. A execución dos ingresos no ano 2018 era 0,8 vostedes chegan ao 0,65, eso si, se recada máis en impostos, 84.000 con cento e pico habitantes menos.

Bueno, pois estas son as contas, as súas contas, as que vostedes dicían que ían a cumprir e o único que reflexan é que son incapaces de cumprir, incluso o que vostedes propoñen, Unha vez máis, ponse de manifesto, por vostedes mesmos, que o seu goberno cinco anos despois sigue sendo o pero goberno que tivo Dodro, eso si, para eso van ter o apoio sos outro partidos políticos, o nos non, nos somos consecuentes, cando dicimos que a súa xestión é un desastre."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, portavoz de Unidade Veciñal, non perdón, de Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nós, volvemos a repetir o mesmo que dixemos na Comisión de Contas, son as contas do equipo de goberno e ímonos a abster."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, agora si."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Boas tardes a todos, nós non estivemos na Comisión de Contas, polo que o acordado alí non, ímonos a abster porque non estivemos nesa Comisión de Contas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Moi boas a todos e a todas, nós para continuar coa maneira que tivemos de tratar o tema na Comisión, por consecuencia vamos a votar a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, pareces que non hai, bueno,parece non quedou bastante claro a postura de todo o mundo. Eu simplemente contestarlle ao portavoz de Xente de Dodro, que despois dunha lectura tan ampla que fixo da liquidación, é unha pena que non dixese exactamente o mismo na Comisión especial de contas, estaban convocados dous de tres membros da aplicación política Xente de Dodro e ningún dos dous se dignou a asistir a esta comisión informativa de contas . Vir agora ao Pleno e soltar unha perorata, bueno, intentado convencer á xente do que é dificilmente convencible, dunha súa boa xestión no 2018, aumentando a débeda deste Concello e dunha mala xestión deste Concello, deste alcalde ou deste grupo de goberno, intentando reducila, e bueno, e facendo que os gastos foran os máis reducidos posibles, pois nada. Agradecémoslle a explicación, poro bueno, vamos a proceder á votación, se vos parece."*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Votacións:
Votos a favor: 4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Simple

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOGACIÓN DO ACORDO DE NON APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 02-2024

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2024/X999/000063
ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 2/2024
TRÁMITE: PROPOSTA DE REVOGACIÓN DO ACORDO DE NON APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 02-2024.

Por parte desta Alcaldía propúxose ao Pleno da Corporación a adopción do acordo de aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga polos gastos realizados por importe de 42.558,83 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias que a continuación se indican, na modalidade de recoñecemento extraxudicial de crédito, levantando o reparo formulado e ordenando o pagamento:

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Núm. Entrada	***Núm. factura***	***Data Dto.***	***Importe Total***	***Tercero***	***Nome***	***Texto explicativo***	***Aplicación***			***Rexistro entrada en FACe***
F/2024/142	*2413*	*30/01/2024*	*589,60*	*B70010665*	*SERVICIOS INTEGRALES DE FORMACIÓN SL*	*PROGRAMA DE CONCILIACIÓN MADRUGADORES HORARIO DE 08:30 A 09:30, 1º TRIMESTRE CURSO 2023/24 (OUT- DEC 2023)*	*2024*	*2313*	*22799*	*REGADE24e00008247985*
F/2024/143	*2414*	*30/01/2024*	*263,90*	*B70010665*	*SERVICIOS INTEGRALES DE FORMACIÓN SL*	*PROGRAMA DE CONCILIACIÓN MEDIODÍA MÉRCORES EN HORARIO DE 14:15 A 16:15 NOVEMBRO A DECEMBRO 2023*	*2024*	*2313*	*22799*	*REGADE24e00008248540*
F/2024/249	*8670004421*	*22/02/2024*	*1.790,25*	*B70091749*	*ATTENDE CARE SLU*	*SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF – BÁSICO MES DE XULLO 2023*	*2024*	*2310*	*22799*	*REGADE24e00013879189*
F/2024/415	*8670004512*	*31/03/2024*	*39.915,08*	*B70091749*	*ATTENDE CARE SLU*	*SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO MES DE XUÑO 2023*	*2024*	*2311*	*22799*	*REGADE24e00024842957*
TOTAL		*42.558,83 €*								*“*

En sesión plenaria realizada o 11 de xullo de 2024, acordouse non aprobar a proposta referida.

Con data 05 de setembro de 2024 emitiuse providencia da Alcaldía solicitando emisión de informe de Secretaría-intervención respecto da situación creada a consecuencia do rexeitamento da proposta relativa á aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 02-2024.

Con data 06 de setembro de 2024 emitiuse informe por Secretaría-intervención, que consta no expediente, e no que se conclúe que se estima a posibilidade de revogar o acordo adoptado polo Pleno en sesión realizada o 11 de xullo de 2024 a fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración, os maiores gastos que procederían e a vía do recurso xudicial correspondente ás prestatarias dos servizos.

Considerando que o artigo 109.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local indica: “*Las Administraciones Públicas podrán revocar, mientras no haya transcurrido el plazo de prescripción, sus actos de gravamen o desfavorables, siempre que tal revocación no constituya dispensa o exención no*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

permitida por las leyes, ni sea contraria al principio de igualdad, al interés público o al ordenamiento jurídico".

Logo de ver que o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 11 de xullo de 2024 trátase dun acto desfavorable e que cumpre os demáis requisitos recollidos no citado artigo, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 de Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE **ACORDO**:

Revogar, ao abeiro do art. 109 da Lei 39/2015, o acordo adoptado na sesión plenaria do 11 de xullo de 2024, no seu punto 5 relativo ao rexeitamento da proposta de aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos 02/2024".

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Agora voulle dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista, por favor."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Bueno, tendo en conta que non prescribiu ese acordo e que a lei o permite, intentaremos, con esto, a ver se se pode, e as consecuencias que lle pode traer ao Concello, pois estamos de acordo na revogación deste punto. O grupo o Socialista vai votar a favor da revogación do acordo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, esto é novedoso, esto de traer acordos e si vamos a estar na dinámica esta de cada vez que se vote volvela a traer, esto é novedoso, eu creo que é novedoso en calquera corporación. O que parece é que aquí se ven a estar revisando continuamente os acordos que non lle conveñen ao equipo de goberno. Chama a atención o Informe de Secretaría, porque eso, bueno, eu creo que o informe de Secretaría en todo caso, a quen se tiña que ter dirixido é ao señor alcalde no seu momento, para que fixera as cousas como tiña que facelas, por que o Informe de Secretaría, pouco menos que cuasi ameaza aos concelleiros que voten en contra, a ver, que teñen que pensar que a administración, que pode saír cara, ao final, ao final, bueno, non entran en responsabilidade, menos mal, menos mal, se agora ao final, vamos ter que xustificar absolutamente, enteiramente o noso voto, eu creo que para votar si ou non, non nos fai falta o informe de Secretaría acudindo a revistas especializadas. Xa sabemos o que estamos votando. En todo caso, se alguén fixo as cousas mal, pois que se dirixa a eles. Non sei se esto forma parte, ou está relacionado con esa nova RPT, que se vai contratar de 15.000 euros, que non sei de onde van a saír, pero bueno, pero que é a primeira vez que vexo un informe de estes tipo , dirixíndose aos concelleiros para que tomen, a ver, sexan responsables, non vaia a ser que a administración do Concello incorra en*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

intereses, non, non, hai gastos máis importantes, 15.000 euros para unha RPT, xa vai pola terceira ou cuarta RPT, aquí xa sabemos todos cando votamos non, o que votamos, se agora vostedes xa teñen os apoios, bueno, esto forma parte da forma de gobernar do socialismo de hoxe en día, non soamente aquí, xa dixo o outro día Pedro Sánchez, non?, non fai falta, vamos a gobernar con ou sen as cámaras, que máis da. E aquí fan seguidismo, puro e absoluto do mellor sanchismo. Non, nós vamos a votar en contra, vamos a votar en contra porque non se cambiaron ningunha das circunstancias que motivaban o noso voto."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Bueno, vemos que traen unha revogación, unha revogación é unha anulación, que neste caso, non anulan nada, ou é unha substitución ou unha emenda, que neste caso tampouco modifican nada, con lo cual, non entendemos por que é unha revogación. Volvemos ao mesmos que dixemos no Pleno de xullo, as facturas, efectivamente, entraron tarde, concretamente a máis alta que é de 40.000 euros, pois efectivamente entrou tarde, ten que vir a un recoñecemento extraxudicial de crédito, concretamente presentárona no mes de marzo, pero tarde vai o equipo de4 goberno, porque tarde catro meses en traela ao Pleno para facer un expediente de recoñecemento de crédito, con lo cual a xestión é bastante mala en ese aspecto. Eu creo que deben de poñerse a traballar, xestionar mellor e así non terían este tipo de problemas que están tendo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si, bueno, outra vez a mesma historia. Nós estamos totalmente a favor do pago das facturas do servicio de axuda no fogar, do mes de xuño e máis de xullo, que ten un importe de case 42.000 euros, é un servizo básico que se leva prestando desde fai moitos anos e é fundamental para as persoas maiores e con dependencia. Outra cousa, son as facturas do chamado "Programa de conciliación, madrugadores", no que volvemos a repetir o que dixemos no último Pleno, o Programa de madrugadores que se pretende pagar, non está sendo realizado tal como de aprobou por unanimidade no Pleno do 13 de xullo de 2023, o que aprobamos foi o seguinte. Que o goberno do concello de Dodro, inicie os trámites necesarios para poñer en marcha ao inicio deste curso académico, no mes de setembro o Servizo de madrugadores: Bo día Dodro, nas escolas de Bexo, Chenlo, Vigo, Lestrobe e no CPI Eusebio Lorenzo Baleirón, esto non se cumpriu e agora pretenden que aprobemos unha factura dun servizo que non se fai, nen sequera poñen vostedes o acordado no servizo, Bo día Dodro, non se deu difusión, ao contrario das escolas deportivas, por exemplo, nas escolas deportivas, vostedes mandaron a todas as casas do Concello un folleto destes, de Madrugadores, a ninguén lle chegou nada, que sepa eu, a min non me chegou, non fixeron difusión do servizo nada máis que dous días nas Redes Sociais, dous días antes, que a escola, o colexio empezou onte.*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Non sei si saben vostedes que a escola de Valga aumentou a matrícula, a escola de Valga, o CRA de Valga, aumentou a matrícula precisamente polo bo servizo de Madrugadores, á escola de Valga vanlle actualmente, rapaces de trece concellos diferentes e non sei si saben tamén que hai pais que andan buscando escolas con servizo de Madrugadores de outros concellos para deixar aos nenos porque teñen traballos nas empresas de aquí, da contorna de Dodro podería ser unha boa opción.

Non sei se saben tamén que este servizo podería saír case gratis aos pais, se o servizo de conciliación estivera validado pola Xunta, é que de feito, estivo validado no anterior goberno.

Se non facemos difusión, é normal que non teñamos usuarios e non vale uns días antes de iniciar o curso, anuncialo nas redes sociais do Concello. Está ben ser, que sexa unha labor de todo o ano, e sobre todo, nas vacacións do verán. A que non fan así coas escolas deportivas?Así non fan coas escolas deportivas.

Igual que o programa de conciliación Mediodía , que de aquela, no último Pleno, non sabíamos nin sequera en que consistía, pois dese tampouco fixeron difusión ningunha, soubémolo polas reunións co goberno despois en que consistía eso, un programa posto en marcha pola ANPA e que o goberno se compromete a pagalo sen acordo e sen negociación, pero por responsabilidade e pola necesidade do pago das facturas da axuda no fogar, imos a votar a favor da revogación do acordo. Despois xa falaremos no próximo Pleno."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Eu non sei que foi o que me perdín como portavoz do BNG no anterior pleno. Si que vexo a documentación e o que fixemos desde o BNG de Dodro, polo menos comigo de portavoz é que cando había unha factura: hai que pagala, eran as miñas palabras gobernara quen gobernara. Entón, si que insisto que non sei o que me perdín pois nin está gravado nin temos acta daquel Pleno. O que si temos é facturas que entraron tarde, e xa se dixo aquí que queiramos ou non teñen que vir aquí para pagalas. O BNG non vai ser quen para obstaculizar ese traballo nin moito menos para non pagarlle ás empresas polo traballo que está desenvolto en vista das facturas, en vista de que non hai informe desfavorable. E o traballo está polo tanto feito. Plo tanto, desde o BNG , nós vamos a votar neste punto a favor da revogación do acoro aquel."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Bueno, eu teño que decir que o portavoz da agrupación política Xente de Dodro, non se leu, ou ten problemas de comprensión lectora, ou non se leu o informe de Sec retaría-Intervención, e tal e como dixemos naquel Pleno, lamentablemente, a falta de responsabilidade é palmaria, e máis concretamente con vostede, recórdolle que temos unhas facturas sen pagar, dunhas medallas que vostede, o seu goberno encargou antes de rematar a súa lexislatura de alcalde e que vostede veu aquí*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ao Pleno, coma un señor, a votar en contra do pago desas facturas. O recoñecemento extraxudicial de crédito, gracias a vostede, está correndo un procedemento xudicial, no cal o Concello, gracias a vostede, á súa inutilidade, á súa irresponsabilidade e a súa sinver...non vou a acabar a frase, pois votou en contra de unha cousa que foi responsabilidade, única e exclusivamente súa, recórdolle que en ese caso , este grupo municipal, tamén en aquel momento con tres concelleiros, votou a favor do pago da factura, a pesar de non ser nós os que habíamos orixinado o gasto, a pesar de4 chegar tarde, a pesar de moitas cousas, dígollo porque vostede podía empezar a exercer un pouco de responsabilidade persoal, pero bueno, lamentablemente a situación que nos xerou o último Pleno, para explicarlle ao portavoz do Bloque Nacionalista Galego, foi a non aprobación, un pouco así, pois de sorpresa, dun servizo prestado a este Concello como vostede moi ben di, un servizo que chegou, non por culpa deste Ayuntamiento, xa lle di a portavoz do partido popular, non chegou en marzo porque nós lle dixéramos que facturaran en marzo , porque bueno, parece que hai unha certa paranoia de que nos temos algo de culpa en esto, a nós houbésenos gustado , non estar nesta situación, máis que nada porque nós os que estamos aquí, somos os responsables da xestión económica do Concello, nós, cas maiorías que cheguemos aquí, ou que acordemos aquí, pois vamos levar a diante esta Concello, a non aprobación desta factura, pode traer, vai traer, seguro, unha consecuencia de, en primeiro lugar, perdón a non revogación agora para intentar a intervención posterior, vai ter unha consecuencia xudicial, porque efectivamente, partimos da base de que é un servizo que se nos prestou ao Concello e que calquera sabe que no momento en que a que a empresa recurra xudicialmente, vámoslle a ter que pagar, pero incrementado nos correspondentes gastos xudiciais e nos correspondentes intereses de demora, que non sei como lle sentarán a este Concello a falta de responsabilidade dos concelleiros que estamos aquí votando en contra ou non votando en contra, eso xa é un pouco un tema que temos que ter presentes todos,de responsabilidade persoal, porque eu entendo que non é cousa deste alcalde, nin do anterior alcalde, nin do anterior alcalde, que unha factura chegue fóra de prazo e que veñamos aquí e que deixemos sen cobrar a unha persoa ou a unha empresa que prestou o servizo, vale? Podemos estar de acordo no gasto ou non, para eso hai eleccións e para eso se fai política. E respecto ao portavoz de Unidade Veciñal, sobre o tema das facturas de Madrugadores, mire, nós en todo caso, este servizo prestámolo de acordo co CRA, falamos coa dirección do CRA, en todo momento se publicitou o que eles consideraron efectivo e é normal que a vostede non lle chegue un aviso de Madrugadores, porque entendo que vostede, agora mesmos, según nos consta, non é usuario de Madrugadores, ou non sería un usuario de Madrugadores do CRA e si que o sería das escolas deportivas municipais, claro. As escolas deportivas municipais, están destinadas a todo o Concello e os Madrugadores, están destinados a unha serie de persoas coas que a dirección do CRA, se comprometeu con este alcalde a facer toda a publicidade posible e a facer todo, que vostede é ...”

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *“En Valga tamén lle fan solo aos de Valga, osea que ...”*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Déixeme, vamos a ver, se chegado o caso, nós, pois no curso seguinte a dirección do CRA, dirección do CRA...*[Interrompe Xoan Xosé Vicente Franco]. P*or favor, señor Xoán. A dirección do CRA necesita máis publicidade, a nós demándanola e nós no lle negamos ningunha colaboración, nin a dirección do CRA, nin á dirección do CPI, de feito, como vostede moi ben dixo, un dos servizos que están pendentes de pagar, é un servizo que xurdiu produto do peche dun comedor que se iniciou precisamente na ANPA no CPI, que nós intentamos manter e que intentamos apoiar o funcionamento do comedor e que se xerou unha necesidade que este Concello, pensamos que o máis rapidamente que pudo, atallou ese gasto e dou ese servizo* [Interrompe Xoan Xosé Vicente Franco]. *Non, é que non tiñamos esa necesidade, o servizo xurdiu pola necesidade posterior*[Interrompe Xoan Xosé Vicente Franco]. *Déixeme falar, mire, hai unha cousa que me molesta bastante, creo que xa o sabe vostede, é que me interrompan a min no uso de palabra, sobre todo, eu non o interrompo a vostede no uso da súa, agradézolle por favor, que respecte a este alcalde e que, por favor, non interrompa, garcias. Vamos a proceder á votación do acordo de revogación. Agradézolle a responsabilidade a todos os que fixeron o exercicio e imos a tratar de que cando volva a vir aquí, saia mellor todo."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS ADICIONAL 2/2024 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (EXPEDIENTE 2024/A008/000033)

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2024/A008/000033
ASUNTO: 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS ADICIONAL 2/2024 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA PARTICIPAR NA 2ª FASE DO POS ADICIONAL 2/2024

O Pleno Da Deputación Provincial da Coruña, na sesión realizada o 31 de maio de 2024, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+ Adicional 2/2024 e 3/2024 e os seus anexos (Boletín Oficial da Provincia número 108, do 5 de xuño 2024).

Nesa mesma sesión plenaria do 31 de maio de 2024, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobou o PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno na sesión realizada o 24 de novembro de 2023 (Boletín Oficial da Provincia número 227, do 28 de novembro de 2023), que quedou definitivamente aprobado despois da súa exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 108, do 5 de xuño de 2024, e logo de que transcorrese o prazo de exposición e información pública sen que se presentase reclamación nin alegación ningunha.

O importe da achega provincial asignada ao Concello de Dodro no POS+ Adicional 2/2024 é o que figura na seguinte táboa, e é o resultado da realización das operacións que se detallan a continuación:

POS+ AD2/2024	Investimentos (IFS) (mínimo)	Gastos corrente (máximo) ou Investimentos (IFS)	TOTAL
Reinvestimento	47.374,15		47.374,15
Maior achega provincial	78.464,42	104.167,91	182.632,33
TOTAL	125.838,57	104.167,91	230.006,48

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Logo de ver que o POS+ Adicional 2/2024 aprobarase en dúas fases e que na 1ª fase incluiranse unicamente os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2024, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento polos concellos e unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva no POS+ Adicional 2/2024.

Logo de ver que o 27/06/2024 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 335/2024, que resolveu, entre outros, participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2024" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles **xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024**	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
SANEAMENTO EN CANCELA ABREA	78.048,90	-	-	-	78.048,90
ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DA ESCOLA DE LESTROBE	79.737,49	-	-	-	79.737,49
MELLORA DE VIARIO NO NÚCLEO DE BEXO	51.927,67	-	-	-	51.927,67
TOTAL	209.714,06	-	-	-	209.714,06

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 2/2024	230.006,48
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024	209.714,06
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2024	20.292,42

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno os seguintes acordos:

Primeiro.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2024" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	20.292,42

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles <u>SI incluídos no Plan Complementario</u> ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	**Financiamento dos investimentos**				
	Deputación	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible** (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	**Total concello**	
-	-	-	-	-	-
-	-	-	-	-	-
-	-	-	-	-	-
TOTAL	-	-	-	-	-

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	**Financiamento dos investimentos**				
	Deputación	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)**	**Total concello**	

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

-	-	-	-	-	-
-	-	-	-	-	-
-	-	-	-	-	-
TOTAL	-	-	-	-	-

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 **2ª FASE**	**Deputación**	**Concello**			**Orzamento Total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)**	**Total Concello**	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	20.292,42				20.292,42
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)	-	-	-	-	-
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	-	-	-	-	-
TOTAL	20.292,42	-	-	-	20.292,42

Segundo.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Terceiro.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

Cuarto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

Quinto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sexto.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Séptimo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Documento asinado electronicamente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vai defender a proposta o portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Vista a cantidade que lle corresponde ao Concello de Dodro 20.292,42, este grupo de goberno, considerou adicalo a gastos correntes, o POS Adicional II no 2024. Vamos a ver, sae de investimentos: un revestimento 47.374,15 a maior achega provincial de 78.464,42, que fan un total de 125.838,57. Os gastos correntes, en Maior achega provincial de 104.167,91 e os totais son, en revestimentos 47.374,15, en maior achega provincial 182.632,33 e fixeron un total de 230.066,48 que lle corresponden ao concello de Dodro. Sae esta diferencia pola maior aportación que lle corresponde ao concello de Dodro, os vinte mil e pico euros."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Como dicíamos antes, supoñemos e damos que esto, pois ven un pouco a tapar o burato que crea a contratación desa RPT, por 15 mil euros, que non facía falta, pero que bueno, parece que está obsesionado o señor Castro con favorecer a*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

determinadas persoas. Bueno, non estamos de acordo nesta, nesta...como se distribúe este Plan e nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do partido popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Como no afecta directamente a ningunha obra en concreto, por ningunha...de ningunha aldea do concello que nós, en ese caso, aínda que al mellor elixiríamos outras, pois ... e non soemos votar en contra, pensamos que en lugar de aplicalo en gasto corrente, ao mellor, poderíase aplicar a outras cousas que cremos que o concello precisa, pero bueno, son as contas do goberno e non imos a entrar aí."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si, pois nós imos entrar. Vamos a ver, estamos no punto máis importante da orde do día de hoxe. O goberno pretende aprobar o POS adicional, unha inversión de case 220.000 euros."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"209."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Non so as obras, estas?."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"E´unha explicación que eu como alcalde, vou a intentar cumprimentar a explicación do meu portavoz que é que esta é unha achega a maiores que veu porque , com ese di?, veu por baixas e distintas cousas e como son 20.000 euros, con consideramos, non había ningún proxecto que tivera a suficiente entidade para destinalo a ningún proxecto, entonces, son 20.000 euros que realmente, decidimos destinalo a gastos correntes porque así podemos, digamos, utilizalo en cousa puntuais e discrecionais, é dicir, desde pagar facturas a facturar e facer pequenas cousas."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"O saneamento en Cancela Abrea, o acondicionamento..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eso non se modifica para nada, eso segue estando."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Pero esto non se modifica?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Non , para nada, segue*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

estando."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" Como non, non se ratifica hoxe? Esto ratifícase hoxe."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta alcaldía propón os seguintes acordos:*

Primeiro: Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos POS adicional, á financiamento de gastos correntes a solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación: Xa é unha achega a maiores que é de 20.292,42 euros, e ten que destinarse a eso, ou ao a apartado b) que é de investimento de financeiramente sostibles ou outro tipo de financiamentos. Entonces, como este concello considera, ou este goberno, que 20.000 euros non da para unha obra, pois directamente decidimos non."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Non se ratifican as obras do POS?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Non."*

A secretaria que subscribe a presente explica que ese é o modelo exacto que recollen as bases de Diputación.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O outro xa está aprobado, entoces, ahora dannos 20.000 euros máis e o que estamos propoñendo é porque hai un importe pequeno para facer unha obra de aslfaltado, pois decidimos dedicalo a gasto corrente, parécenos que é a proposta que bueno, non sei."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" Vale, en ese caso."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*" Si, efectivamente, que solo vai o apartado a) do anexo seguinte, non hai nada máis."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Vale, entón nese caso, retiramos o dito e abstémonos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nós entendemos que é unha especie de sobras ou remanente que nos chega, que o equipo de goberno decide licitamente dedicalo a servizos, a gasto corrente, é o equipo de goberno quen o decide, dende o BNG viámoslle buratos para tapar con eses 20.000euros, aínda que foran bachear ou limpezas que a xente demanda continuamente. É unha achega que é sempre benvida, decide o equipo*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de goberno e non vamos a poñer ningún obstáculo para que sexan benvidos eses cartos."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esa é a intención deste equipo de goberno, precisamente atender as pequenas peticións de pequenas obras que se remiten a esta concello día si e día tamén, entonces, con estes cartos da Deputación imos a intentar cumprir con ese tipo de solicitudes que fan os grupos deste concello. Imos a proceder á votación."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Simple
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO PLENO DO CONCELLO DE DODRO

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE: 2024/X999/000060

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO PLENO DO CONCELLO DE DODRO
TRÁMITE: PROPOSTA A PLENO

En sesión realizada o 16 de marzo de 2018, o Pleno da Corporación municipal aprobou a composición da mesa de contratación permanente designando aos/ás seguintes membros

- PRESIDENTE: Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue.
- VOGAIS:
  - Ángela María Viqueira Allo, secretaria-interventora do Concello.
  - María José Rodríguez Expósito, técnica de xestión económica.
  - Ana María Rial Dafonte, encargada da biblioteca municipal.
- SECRETARIO: Flora María Zúñiga Losada, administrativa de oficinas xerais.

O citado acordo foi modificado en sesión plenaria realizada o 20 de xullo de 2018 quedando composta a citada mesa polos/as membros seguintes:

- PRESIDENTE: Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue.
- VOGAIS:
  - Ángela María Viqueira Allo, secretaria-interventora do Concello.
  - Flora María Zúñiga Losada, administrativa de oficinas xerais.
  - Ana María Rial Dafonte, encargada da biblioteca municipal.
- SECRETARIO: María José Rodríguez Expósito, técnica de xestión económica.

Con data 8 de abril de 2021, o Pleno da Corporación acordou modificar a composición da mesa de contratación permanente quedando como segue:

- PRESIDENTE: Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue.
- VOGAIS:
  - Secretario/a-interventor/a do Concello.
  - Flora María Zúñiga Losada, funcionaria do Concello
  - Ana María Rial Dafonte, funcionaria do Concello
- SECRETARIA: María José Rodríguez Expósito, funcionaria do Concello

Considerando que o artigo 326 da citada Lei 9/2017 establece que:
"1. Salvo en el caso en que la competencia para contratar corresponda a una Junta de Contratación, en los procedimientos abiertos, abierto simplificado, restringidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación y de asociación para la innovación, los órganos de contratación de las Administraciones Públicas estarán asistidos por una mesa de contratación. En los procedimientos negociados en que no sea necesario publicar anuncios de licitación, la constitución de la mesa será potestativa para el órgano de contratación, salvo cuando se fundamente en la existencia de una imperiosa urgencia prevista en la letra b) 1.º del artículo 168, en el que será obligatoria la constitución de la mesa. En los procedimientos a los que se refiere el artículo 159.6 será igualmente potestativa la constitución de la mesa.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. La mesa de contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, ejercerá las siguientes funciones, entre otras que se le atribuyan en esta Ley y en su desarrollo reglamentario:

a) La calificación de la documentación acreditativa del cumplimiento de los requisitos previos a que se refieren los artículos 140 y 141, y, en su caso, acordar la exclusión de los candidatos o licitadores que no acrediten dicho cumplimiento, previo trámite de subsanación.
b) La valoración de las proposiciones de los licitadores.
c) En su caso, la propuesta sobre la calificación de una oferta como anormalmente baja, previa tramitación del procedimiento a que se refiere el artículo 149 de la presente Ley.
d) La propuesta al órgano de contratación de adjudicación del contrato a favor del licitador que haya presentado la mejor oferta, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 145, según proceda de conformidad con el pliego de cláusulas administrativas particulares que rija la licitación.
e) En el procedimiento restringido, en el diálogo competitivo, en el de licitación con negociación y en el de asociación para la innovación, la selección de los candidatos cuando así se delegue por el órgano de contratación, haciéndolo constar en el pliego de cláusulas administrativas particulares.

3. La mesa estará constituida por un Presidente, los vocales que se determinen reglamentariamente, y un Secretario.

La composición de la mesa se publicará en el perfil de contratante del órgano de contratación correspondiente.

4. Los miembros de la mesa serán nombrados por el órgano de contratación.

5. El Secretario deberá ser designado entre funcionarios o, en su defecto, otro tipo de personal dependiente del órgano de contratación, y entre los vocales deberán figurar necesariamente un funcionario de entre quienes tengan atribuido legal o reglamentariamente el asesoramiento jurídico del órgano de contratación y un interventor, o, a falta de éstos, una persona al servicio del órgano de contratación que tenga atribuidas las funciones correspondientes a su asesoramiento jurídico, y otra que tenga atribuidas las relativas a su control económico-presupuestario.

Por resolución del titular de la Intervención General correspondiente podrá acordarse los supuestos en que, en sustitución del Interventor, podrán formar parte de las mesas de contratación funcionarios del citado Centro específicamente habilitados para ello.

En ningún caso podrán formar parte de las Mesas de contratación ni emitir informes de valoración de las ofertas los cargos públicos representativos ni el personal eventual. Podrá formar parte de la Mesa personal funcionario interino únicamente cuando no existan funcionarios de carrera suficientemente

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

cualificados y así se acredite en el expediente. Tampoco podrá formar parte de las Mesas de contratación el personal que haya participado en la redacción de la documentación técnica del contrato de que se trate, salvo en los supuestos a que se refiere la Disposición adicional segunda.

Las Mesas de contratación podrán, asimismo, solicitar el asesoramiento de técnicos o expertos independientes con conocimientos acreditados en las materias relacionadas con el objeto del contrato. Dicha asistencia será autorizada por el órgano de contratación y deberá ser reflejada expresamente en el expediente, con referencia a las identidades de los técnicos o expertos asistentes, su formación y su experiencia profesional.

6. Salvo lo dispuesto en el apartado 1 del presente artículo, la mesa de contratación que intervenga en el procedimiento abierto simplificado regulado en el artículo 159 de la presente Ley se considerará válidamente constituida si lo está por el Presidente, el Secretario, un funcionario de entre quienes tengan atribuido legal o reglamentariamente el asesoramiento jurídico del órgano de contratación y un funcionario que tenga atribuidas las funciones relativas a su control económico-presupuestario.

7. Las Leyes de las Comunidades Autónomas y la legislación de desarrollo podrán establecer que las mesas de contratación puedan ejercer también aquellas competencias relativas a la adjudicación que esta Ley atribuye a los órganos de contratación."

Considerando que a Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, relativa ás competencias en materia de contratación en Entidades Locais, establece no seu apartado 7 que:
"*La Mesa de contratación estará presidida por un miembro de la Corporación o un funcionario de la misma, y formarán parte de ella, como vocales, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuidas la función de control económico-presupuestario, así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación, o miembros electos de la misma, sin que su número, en total, sea inferior a tres. Los miembros electos que, en su caso, formen parte de la Mesa de contratación no podrán suponer más de un tercio del total de miembros de la misma. Actuará como Secretario un funcionario de la Corporación.*

En las Entidades locales municipales, mancomunidades y consorcios locales, podrán integrarse en la Mesa personal al servicio de las correspondientes Diputaciones Provinciales o Comunidades Autónomas uniprovinciales.

En ningún caso podrá formar parte de las Mesas de contratación ni emitir informes de valoración de las ofertas, personal eventual. Podrá formar parte de la Mesa personal funcionario interino únicamente cuando no existan funcionarios de carrera suficientemente cualificados y así se acredite en el expediente.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

La composición de la Mesa se publicará en el perfil de contratante del órgano de contratación correspondiente. ***Se podrán constituir Mesas de Contratación permanentes****."*

Non sendo nomeados suplentes en ningún dos acordos ata agora adoptados, unha vez finalizados parte dos procesos de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro en cumprimento do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, producida a xubilación dunha funcionaria membro da citada mesa de contratación permanente e non existindo ningún/ha outro/a funcionario/a de carreira pertencente aos servizos xerais, tendo en conta a Relación de Postos de Traballo vixente no Concello de Dodro (BOP núm. 246 do 29/12/2022), ao abeiro das facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO Ó PLENO a adopción dos seguintes ACORDOS en canto órgano competente de acordo co artigo 326.4 da LCSP citado:

Primeiro.- Modificar a composición da mesa de contratación permanente do Pleno do Concello de Dodro de xeito que quede integrada polos/as seguintes membros:

PRESIDENTE/A:
Titular: Alcalde/sa do Concello de Dodro
Suplente: Quen legalmente o/a substitúa

VOGAIS:
Titular: Secretario/a-interventor/a do Concello de Dodro
Suplente: Quen legalmente o/a substitúa

Titular: Funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a que ocupe o posto de Administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.
Suplente: Funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a que ocupe o posto de Auxiliar Administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.

Titular: Funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a ou persoal laboral da área para a que se tramite a contratación. (1)
Suplente: Funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a ou persoal laboral da área para a que se tramite a contratación.

SECRETARIO/A DA MESA:
Titular: Técnico/a de xestión económica e informática, funcionario/a de carreira do Concello de Dodro
Suplente: Funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a que ocupe o posto de Auxiliar Administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.

Todos os membros da mesa terán voz e voto, excepción do/a secretario/a da

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Mesa que só terá voz.

No caso de que a un/unha mesmo/a membro lle corresponda suplir máis dunha ausencia, resolverase cubrindo en primeiro termo a secretaría da mesa e en segundo termo a vogalía.

(1)
SERVIZOS XERAIS:
Titular: Encargado/a da biblioteca funcionario/a ou funcionario/a interino/a que a substitúa.
Suplente: Funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a que ocupe o posto de Auxiliar Administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.

SERVIZOS SOCIAIS:
Titular: Traballador/a social funcionaria/o ou funcionario/a interino/a que a substitúa.
Suplente: Educador/a familiar persoal laboral fixo.

OBRAS E SERVIZOS:
Titular: Oficial electricista, persoal laboral fixo.
Suplente: Oficial condutor/a, persoal laboral fixo.

CULTURA:
Titular: Encargada/o da biblioteca funcionaria/o ou funcionario/a interino/a que a substitúa.
Suplente: Animador/a cultural, persoal laboral fixo

DEPORTES:
Titular: Técnico/a deportivo, persoal laboral fixo
Suplente: Animador/a cultural, persoal laboral fixo

Segundo.- Publicar a modificación da composición da mesa de contratación permanente do órgano de contratación Pleno do Concello de Dodro no perfil do contratante e no Boletín Oficial correspondente.

Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Este é un punto que se retirou do Pleno de xullo, porque había unha mala redacción da proposta, entendo que foi debatida naquel momento, entendo que a proposta ven sendo bastante máis clara e bastante máis conciso, vou dar un turno dde palabra a cada portavoz, ca intención de que como xa estivo debatida, se lles parece ben, procedamos á votación de xeito rápido . Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Logo das*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

modificacións que veñen aquí, simplemente engadirlle, ou funcionario interino, no que antes era funcionario de carreira, nesas partes e non hai ningunha modificación máis, pla nosa parte, adiante con el."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Unha vez ratificadas e atendidas as correccións que fixo este equipo de goberno no anterior Pleno e vemos que se corrixiron e que se puxeron tal cual, imos a aprobalo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Nós tamén, non temos nada que decir e ímola a apoiar igual que na última vez."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos pasar á votación, perdón Portavoz do BNG."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Home daquela non estaba pero agora estou, ímola nosa parte non hai problema, si que a vamos a apoiar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, vamos a proceder á votación."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024-2026

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE: 2024/A013/000002
ASUNTO: PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024-2026
TRÁMITE: PROPOSTA AO PLENO

Considerando que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece a necesidade de que cada administración elabore un Plan Estratéxico de Subvencións, no que deben concretarse os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. O seu período de vixencia será de tres anos, e debe confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións.

Visto o documento proposto pola Alcaldía, para o período 2024-2026, de data 09 de setembro de 2024 e emitido informe por Secretaría-intervención.

Considerado que o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ao tratarse dun instrumento de planificación estratéxica das actividades de subvencións e xestión económica.

Polo exposto, no uso das facultades que outorgadas pola normativa vixente, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Dodro para o período 2024-2026, que se achega como Anexo á presente proposta.

SEGUNDO.- Publicar o documento íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Dodro e na sede electrónica municipal.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

PREÁMBULO.-

A lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS), na liña de mellora da súa eficacia, dispón con carácter básico no seu artigo 8.1 que *"os órganos das Administracións Públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar un plan estratéxico de subvencións cos obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria."*

En desenvolvemento das previsións contidas na LXS, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, no seu artigo 10, sen carácter básico, sinala que, o plan estratéxico de subvencións configurase como un instrumento de planificación das políticas públicas que teñen por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

No mesmo senso, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5 pon de manifesto que *"os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións ..."*

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público, e polo tanto deben axustarse ás directrices de política orzamentaria, orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sostenibilidade financieira e o crecemento económico.

Neste sentido, o presente Plan Estratéxico de Subvencións (en diante PES) é o primeiro que se tramita e detalla o importe das subvencións no Orzamento Xeral da Corporación para os exercicios 2024, 2025 e 2026. A súa finalidade é permitir relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos a conseguir, os custos previstos e a súa financiación, co obxectivo de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante subvencións, cos recursos dispoñibles, sempre con carácter previo á concesión e podendo aumentar ou diminuír as partidas orzamentarias correspondentes nos exercicios seguintes. O marco normativo xeral complementase coas bases de execución do orzamento aprobadas para cada exercicio xunto coa tramitación dos orzamentos.

Ademais, a Ordenanza municipal que regula as subvencións do Concello de Dodro (BOP núm. 143 de 30/07/2018) prevé no seu artigo 5 o deber de contar cun plan estratéxico de subvencións como o presente.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Polo disposto, o Concello de Dodro elabora o presente Plan Estratéxico de Subvencións (2024-2026) cuxo articulado se desenvolve a continuación.

ARTIGO 1. NATUREZA XURÍDICA.-

Os Plans Estratéxicos de Subvencións teñen carácter programático, non xerando en ningún caso dereitos nin obrigas de terceiros, senón que se trata dunha decisión de carácter político enmarcada dentro dunha das actividades propias da dirección política como é a planificación.

A efectividade do presente PES atópase condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no orzamento municipal de cada exercicio, así como á aprobación das bases reguladoras para a súa concesión.

ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS.-

A regulación xurídica en materia de subvencións establece principios xerais de actuación fundamentais do PES que deben rexer na xestión municipal en materia de subvencións, e que son os seguintes:

a) Principio de publicidade e libre concorrencia, mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade, concorrencia e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa, que de acordo ca normativa aplicable, deben contar coas debidas dispoñibilidades orzamentarias previas.

b) Principio de obxectividade no proceso de concesión, segundo os criterios establecidos na convocatoria, que garantan o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.

c) Principio de transparencia e igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

d) Principio de eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos marcados no establecemento do procedemento e a eficiencia na asignación dos recursos públicos.

e) Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na concesión das subvencións nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidad Financeira.

ARTIGO 3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.-

O plan estratéxico de subvención do Concello de Dodro conta con diferentes obxectivos:

– Dar cumprimento ao mandato legal que recolle o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que obriga á elaboración por parte dos entes que propoñan o

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

establecemento de subvencións, dun Plan Estratéxico de Subvencións previo a súa concesión.
– Determinación das liñas de apoio e fomento das actividades de interese pública e social, establecendo un conxunto de principios e bases de execución común ás mesmas.
– Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións.

ARTIGO 4. ÁMBITO TEMPORAL.-

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2021, 2022 e 2023 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 5. ACTUALIZACIÓN.-

Poderán ser modificadas, substituídas ou eliminadas, as liñas de subvención establecidas no presente PES, que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou adecuado ao nivel de recursos invertidos, tal e como se dispón na disposición adicional decimo sétima da LXS ao establecer un sistema de seguimento a través do control e avaliación dos obxectivos. En todo caso, os cambios que poidan producirse deberán axustarse á lei e, fundamentalmente aos orzamentos de cada exercicio.

Non será necesaria a modificación do PES nos supostos que se modifiquen liñas de subvención existentes, cando unicamente a variación se realice no importe asignado, sempre e cando o resto dos compoñentes da mesma permanezan se cambios, o que deberá acreditarse no expediente polo órgano xestor correspondente.

No suposto de que, concluído o período de vixencia, non se tivese aprobado un novo PES, o presente entenderase prorrogado naquelas liñas de actuación que resulten de continuidade e conten con asignación orzamentaria adecuada e suficiente.

ARTIGO 6. APROBACIÓN.-

O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 22.2 e) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ao tratarse dun instrumento de planificación estratéxica das actividades de subvencións e xestión económica. Non obstante, o órgano competente para a aprobación das subvencións será o Alcalde, ou órgano no que delegue.

ARTIGO 7. PUBLICACIÓN.-

En aras de dar cumprimento ao principio de transparencia, as convocatorias de

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

subvencións instadas polo Concello de Dodro publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co regulado no artigo 20 da LXS e na sede electrónica municipal, indicando a entidade receptora, contía da mesma, e proxecto ou acción á que vai destinada. O prazo máximo para a devandita publicación será dun mes desde a concesión da subvención, en todo caso deberán figurar a final de ano.

ARTIGO 8. BENEFICIARIOS.-

Serán beneficiarios das subvencións previstas no presente PES, a persoas físicas, asociacións ou entidades que as reciban para a realización de actividades dirixidas á realización dun proxecto, acción ou situación que teña por obxecto fomentar a actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública de competencia local.

Será obriga do beneficiario achegar a memoria da actividade subvencionada, conta xustificativa ou calquera outra documentación esixible, de acordo coas bases reguladoras da subvención ou a resolución de concesión ou convenio, e a normativa de aplicación.

ARTIGO 9. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.-

As subvencións encadradas no presente Plan Estratéxico serán outorgadas seguindo a normativa vixente en materia de subvencións:

1. En réxime de concorrencia competitiva, mediante convocatoria pública e cuxa concesión se concederá conforme a criterios de valoración fixados na convocatoria e nas bases reguladoras correspondentes.

2. Concesión directa, para aquelas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, mediante a firma de convenios de colaboración, como instrumento habitual para a canalización da súa concesión, que regulen as súas condicións e compromisos.

Ambos procedementos de concesión deberán respectar os principios establecidos no Plan e a súa adxudicación levarase a cabo ata o límite dos créditos asignados a cada unha das liñas de subvención concedidas.

Tanto os procedementos de adxudicación directa como os de concorrencia competitiva deberán respectar os principios sinaladas neste Plan. Os procedementos de concesión das subvencións e axudas son os seguintes:

a) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva: Segundo o art. 22.1 LXS, o procedemento ordinario de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Neste procedemento a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas Bases reguladoras e na convocatoria; e adxudicar, co

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

límite fixado na convocatoria, aquelas que obteñan unha maior valoración. En todo caso, as Bases da convocatoria nos procedementos de concorrencia deberán conter:

1. O obxecto da subvención e o interese que se pretende satisfacer.
2. Beneficiarios.
3. Requisitos formais da solicitude.
4. Partida orzamentaria, contía e límites da subvención.
5. Criterios de valoración en función da naturaleza da subvención.
6. Órganos de valoración, que deberán ter carácter colexiado e técnico.
7. Órgano competente para resolver.
8. Dereitos e obrigas dos beneficiarios, especificando os mecanismos para a comprobación da difusión por parte do beneficiario da financiación da súa actividade
9. Xustificación da subvención, con expresa mención da aplicación dos fondos percibidos, así como o cumprimento dos obxectivos.
10. Requisitos e forma de pago da subvención.

b) Subvencións concedidas de forma directa: Á vista do art. 22.2 LGS, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

b.1.- As previstas nominativamente no orzamento xeral deste Concello. Enténdese por subvención prevista nominativamente nos orzamentos, aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

b.2.- Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto ao Concello de por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

b.3.- Con carácter excepcional, aqueloutras en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

ARTIGO 10. PRAZOS DE EXECUCIÓN.-

Con carácter xeral as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo excepcional e debidamente motivados aqueles supostos nos que se fixe un prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, deberá aparecer recollido nas correspondentes bases das subvencións. O órgano de seguimento e control velará polo cumprimento do “calendario” da concesión de subvención, o cal deberase aprobar no primeiro trimestre de cada ano.

ARTIGO 11. FINANCIAMENTO.-

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A tramitación das liñas de subvencións do presente PES queda expresamente condicionada aos seguintes puntos:

1. Existencia de dotación orzamentaria axeitada e suficiente.

2. Con carácter previo ou simultáneo ao outorgamento das subvencións ou concesións directas, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias.

3. Previamente ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas ou bases reguladoras da concesión, no caso de modalidade de concorrencia competitiva.

ARTIGO 12. RÉXIME DE SEGUIMENTO E CONTROL.-

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico realizarase de forma anual, en dous aspectos.

a) Control económico- financeiro das subvencións concedidas: está encomendado á Intervención do Concello, e realizarase nas condicións recollidas na lexislación vixente.

b) Control e seguimento do Plan: encoméndase á Xunta de Goberno Local, para o que, cada unha das Áreas que xestionan as subvencións, remitirá no primeiro cuadrimestre de cada exercicio, e en todo caso, antes de que acabe o exercicio orzamentario memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

- Obxecto, entidade beneficiaria e importe subvencionado.
- Subvencións concedidas, xustificadas, renunciadas e reintegradas (ou en procedemento de reintegro).
- O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución, concretando o número de cidadáns e/ou beneficiarios aos que alcanzou a acción subvencionada.
- Os custos efectivos en relación aos previsibles.
- Conclusións ou valoración global na que conste a valoración en canto aos obxectivos perseguidos e a procedencia do mantemento ou supresión do programa.
- Suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

Para o seguimento e avaliación do Plan Estratéxico de Subvencións desígnase á Xunta de Goberno Local.

A tal efecto se establecen coma indicadores relacionados cos obxectivos do Plan a evaluar, os seguintes:

- Grao de execución das mesmas, entendo por isto, as subvencións

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concedidas e aprobadas (fase O) respecto das previstas (créditos iniciais), respecto de cada área, e tipo de subvención e distinguindo entre subvencións de concesión directa e en concorrencia competitiva.

- Respecto das subvencións concedidas en concorrencia competitiva, número de expedientes (solicitudes) tramitadas e concedidas e comparativa co ano anterior para o caso de existir a mesma subvención.

A Intervención municipal absterase de realizar a fiscalización ata que non se realice polos xestores o envío da información anterior.

ARTIGO 13. LIÑAS DE SUBVENCIÓNS

As competencias nas que se vai desenvolver o plan estratéxico son as seguintes:

Acción Social	**Área 1**
Educación	**Área 2**
Xuventude e relacións veciñais	**Área 3**
Promoción e fomento de deporte	**Área 4**
Promoción cultural	**Área 5**
Promoción turística e económica	**Área 6**

13.1. Área 1. Acción social.

Enmárcase nas seguintes liñas:

- Emerxencias sociais, que é unha das competencias claramente propias dos concellos tras a reforma operada no ano 2013 e que tratan de servir como primeira actuación en casos de necesidade
- Axudas de fomento da natalidade.
- Colaboración mediante subvención nominativa coas Asociacións ANDAINA e AMIPA que desenvolven actividades de interese para os veciños do municipio de Dodro no ámbito da promoción social das persoas con diversidade funcional.

Acción Social	**Área 1**	**Código 1.1**
Axudas Emerxencia Social		
a. Obxectivo estratéxico	Axudas de emerxencia social das que se benefician familias usuarias do departamento de Servizos Sociais, as cales precisan dunha resposta urxente e inmediata a necesidades de carácter primario. Diríxese a familias que se encontran desprotexidas e con escasos recursos económicos.	

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

b. Obxectivo específico	Satisfacer as necesidades básicas (alimentación, saúde,...) para un adecuado desenvolvemento persoal e físico. Manter a familia como unidade básica de convivencia Axudar á familia a atravesar determinadas situacións críticas por carecer de recursos económicos suficientes para unha digna calidade de vida Facer fronte a situacións de desprotección Evitar situacións de marxinación Axudar a conseguir a súa autonomía económica Conseguir a súa integración social
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	4.000,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Concesión directa
g. Plan de actuación	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.

Acción Social	**Área 1**	**Código 1.2**
Axudas natalidade		
a. Obxectivo estratéxico	Consiste nunha axuda directa por neno/a nacido/a no municipio Diríxese a familias empadroadas no municipio.	
b. Obxectivo específico	Axudar ás familias que teñen crianzas no seu primeiro ano de vida.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	3.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Concesión directa	
g. Plan de actuación	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.	

Acción Social	**Área 1**	**Código 1.3**
AMIPA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR		

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

a. Obxectivo estratéxico	As persoas beneficiarias últimas destes programas contan con algún tipo de diversidade funcional e necesitan dun apoio para a súa integración social. As beneficiarias directas da subvención son as entidades sen ánimo de lucro coas que se establece un convenio de colaboración.
b. Obxectivo específico	Promoción social das persoas con diversidade funcional.
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	500,00€
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración

Acción Social	**Área 1**	**Código 1.4**
ASOCIACIÓN ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL		
a. Obxectivo estratéxico	As persoas beneficiarias últimas destes programas contan con algún tipo de diversidade funcional e necesitan dun apoio para a súa integración social. As beneficiarias directas da subvención son as entidades sen ánimo de lucro coas que se establece un convenio de colaboración.	
b. Obxectivo específico	Promoción social das persoas con diversidade funcional.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	500,00€	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

Acción Social	**Área 1**	**Código 1.5**
CÁRITAS		
a. Obxectivo estratéxico	As persoas beneficiarias últimas destes programas son persoas en risco de exclusión social e ou especial vulnerabilidade que necesitan dun apoio nos recursos para cobertura de necesidades básicas. As beneficiarias directas da subvención son as entidades sen ánimo de lucro coas que se establece un convenio de colaboración.	

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

b. Obxectivo específico	Apoio a persoas en situación de risco de exclusión social e ou especial vulnerabilidade
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	1.000,00€
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración

13.2. Área 2. Educación

Nesta área establécense dúas liñas:

- Colaboración mediante subvención nominativa ao Colexio Rural Agrupado de Dodro, único no termo municipal.
- Axudas á escolaridade, para que as familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas podan sufragar os gastos escolares como o material ou as actividades extraescolares.

Educación	**Área 2**	**Código 2.1**
COLEXIO RURAL AGRUPADO		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar a realización de actividades educativas no segundo ciclo da educación infantil	
b. Obxectivo especifico	Promocionar a realización de actividades educativas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

Educación	**Área 2**	**Código 2.2**
AXUDAS Á ESCOLARIDADE		
a. Obxectivo estratéxico	Garantir a igualdade de oportunidades ante o ensino	
b. Obxectivo especifico	Apoiar na adquisición de material escolar, gastos de actividades extraescolares e vestiario deportivo, entre outros que se establezan nas bases reguladoras	

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	4.000,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

Educación	**Área 2**	**Código 2.3**
ASOCIACIÓN NAIS E PAIS DE ALUMNOS – ANPA DE DODRO		
a. Obxectivo estratéxico	Promover accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar.	
b. Obxectivo especifico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	500,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

13.3. Área 3. Xuventude e relacións veciñais

Recóllese unha liña en réxime de concorrencia competitiva para fomento de actividades participativas, de iniciativa veciñal organizada.

Promoción cultural	**Área 3**	**Código 3.1**
XUVENTUDE E RELACIÓNS VECIÑAIS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer a iniciativa veciñal organizada, mediante comisións de festas ou asociacións culturais do Concello de Dodro, para que desenvolvan eventos de natureza participativa do concello, concretamente, as súas festas patronais ou populares tradicionais.	
b. Obxectivo especifico	Organización de actividades periódicas e/ou actos puntuais de natureza participativa entre a veciñanza e para a poboación en xeral.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	5.000,00 €	
e. Fonte de	Recursos propios.	

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

financiamento	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

13.4. Área 4. Promoción e fomento de deporte.

Contémplanse as liñas seguintes:

A colaboración mediante subvención nominativa co Club Deportivo Dodro, único club de fútbol no temo municipal e cos/as deportistas deste Concello que a seguir se indican:

Deportes	Área 4	Código 4.1
CLUB DEPORTIVO DODRO		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte federado	
b. Obxectivo especifico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do fútbol de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	3.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

Deportes	Área 4	Código 4.2
AXUDAS A DEPORTISTAS		
a. Obxectivo estratéxico	Contribuír ao fomento dos/as deportistas do Concello de Dodro	
b. Obxectivo especifico	Apoiar o desenvolvemento e promoción dos/as deportistas municipai a nivel local, provincial, autonómico, estatal e internacional.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.500,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución esta liña	

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

13.5. Área 5. Promoción cultural.

Recóllese unha liña de colaboración mediante subvención nominativa coa Fundación Rosalía de Castro que realiza actividades de interese para os veciños do municipio de Dodro no ámbito da promoción cultural do patrimonio rosaliano.

Promoción cultural	**Área 5**	**Código 5.1**
FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar e difundir o culto á memoria de Rosalía, de Manuel Murguía e dos seus fillos; conservar o conxunto da Casa-Museo de Rosalía e conservar e incrementar o patrimonio rosaliano dispoñéndoo para que poida ser contemplado e estudado.	
b. Obxectivo específico	Visibilizar o patrimonio do noso concello (brañas de Laíño, a Veiga de Lestrobe, as Torres de Hermida)	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.300,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

Promoción cultural	**Área 5**	**Código 5.2**
PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN		
a. Obxectivo estratéxico	Honrar a memoria do ilustre poeta dodrense Eusebio Lorenzo Baleirón e contribuír á promoción da poesía galega.	
b. Obxectivo específico	Fomentar o estudo do patrimonio etnográfico e cultural do municipio. Dotar economicamente o certame de poesía cos fins de estimular a participación ou convocatoria pública no citado premio e gratificar o/a autor/a da obra gañadora.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	2.500,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia	

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

13.5. Área 6. Promoción turística e económica.

Establécense dúas liñas de colaboración mediante subvencións nominativas:

- Colaboración coa Asociación "Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza e Sar, a Orixe" que realiza actividades de interese para os veciños do municipio de Dodro posto que o seu percorrido atravesa este concello.
- Colaboración co Club Ciclista Padronés que desenvolve actividades de interese para os veciños do municipio de Dodro mediante a promoción da Comarca Terras de Iria da que forma parte este concello.

Promoción turística e económica	**Área 6**	**Código 6.1**
ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO BARBANZA E SAR "A ORIXE"		
a. Obxectivo estratéxico	Recuperación da memoria histórica do Camiño de Santiago que na Idade Media e Moderna discorreu polo Concello de Dodro. Fomentar a pluralidade de valores que concorren no entorno xacobeo, nas súas lendas, cultos e testemuñas, tanto antrópicos coma patrimoniais e paisaxísticos, que percorren o noso municipio.	
b. Obxectivo especifico	Promover o interese comunitario deste percorrido polo Concello de Dodro co fin de que redunde na economía e na visualización exterior do municipio.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

Promoción turística e económica	**Área 6**	**Código 6.2**
CLUBE CICLISTA PADRONÉS		
a. Obxectivo estratéxico	Promoción da comarca TERRAS DE IRIA, da que forma parte o Concello de Dodro.	
b. Obxectivo especifico	Promover o interese comunitario polo Concello de Dodro co fin de que redunde na economía e na	

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	visualización exterior do municipio
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	1.200,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto veu ao pleno de xullo e non foi aprobado, fixemos unhas modificacións, pero ademais, esa era a idea cando se trouxo aquí, pero hai unha emenda proposta antes que creo que hai que debater antes do Plan estratéxico. A emenda presentouna Dona Rebeca Rial Diz e Don Xoán Xosé Vicente Franco, como creo que hai que votar a emenda primeiro, pois."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"A nosa emenda, ao plan estratéxico de subvencións é a seguinte:*

Na área 4 con código 4.2 de deportes de axuda a deportistas no punto "d. Custo presupostado" de 1.500€ propoñemos 2.800€. Xustificación: Nas bases que se aproben propoñemos o seguinte:

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:

Estableceranse dúas liñas de subvención.

-Deportistas de alto nivel.

-Deportistas de destacado rendemento deportivo.

- *So se poderá solicitar unha única bolsa por modalidade deportiva e optar a unha liña de subvención por persoa. Xunto coa solicitude de subvención presentarase a seguinte documentación.*

- *Documento acreditativo de Deportista de Alto Nivel.*

CONTÍA.

- As bolsas a deportistas de alto nivel destinaranse unha contía de 1400 € no ano 2024, concedéndose dúas bolsas, unha de 1000€ á persoa (deportista) que acade a puntuación máis alta e outra de 400 € a persoa que acade a segunda

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

puntuación máis alta na fase de avaliación dos criterios de puntuación.

- As bolsas a deportistas de destacado rendemento deportivo destinaranse 1400 € no ano 2024, concedéndose catro bolsas de igual contía de 350 € as catro primeiras persoas (deportista) que acade as catro puntuacións máis altas na fase de avaliación dos criterios de puntuación.

Hasta este momento o concello de Dodro viña de adxudicar unha bolsa de 2000€ para apoiar aos atletas de alto nivel e dúas de 300 para promocionar o deporte federado con unha contía total de 2600€.

Con esta emenda os deportistas que antes podían beneficiarse de 300€ na súa condición de deportista de rendemento alto pasarán a 350€ e os deportistas de alto nivel terán dúas bolsas en vez da única como viña sendo ate agora.

Tampouco tiña moito xeito que os deportistas de alto rendemento que se lle pagaba agora 250, que pasen a pagárselle 250 euros, entón, esta é a emenda que lle facemos ao Plan estratéxico de subvencións, soamente no tema de deportes."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, voulle a dar un turno a cada concelleiro, a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Presentaron a emenda segundos e chegar aquí ao grupo socialista as dúas menos cuarto da tarde, tendo convocado o Pleno para as 20:00, como pode comprender, non da moito tempo a mirala, a estudala, vostede fala dos 2.800 euros, sabe que temos o presuposto prorrogado e en minoría, como vostede repite moitas veces, non sabemos de onde podemos quitar esa parte, temos o presuposto prorrogado, sobre todo para este ano 2024. No 2025 poderíase estudar, ou a partir de aí, pódese estudar o que sea, agora, poñernos a que en vez de 1.500 pasarmos a 2.800, hai unha diferencia, que non sabemos de onde a imos a sacar, se de modificacións... pero para esto nada.*
A segunda parte, o tema da xustificación, pensamos que non procede agora elaborar en este punto, o das bases, no seu día, xa se aprobarán as bases.

Distinguir aos deportistas de alto nivel e aos deportistas destacados no rendemento deportivo, pois non sei, habería que ser alguén, a mesa ou alguén que diga que é un deportista de alto nivel, com non. Vostedes mesmos, se refiren, ou creo que se refiren a unha persoa de alto nivel, no BOE figura como de alto nivel, en cambio no DOG, non figura com de alto nivel ese chaval. Eso trae como consecuencia,esta emenda, se non sae adiante a proposta, de outras asociacións que hai, culturais, festas, nominativas...todo eso, de rechazar no 2024 non poderemos acometelas. Así que penso que debería de cada un, concienciarse do que é e estudalo en un futuro, incrementar ese presuposto para os deportistas, se é o problema todo o Plan estratéxico de subvencións que é necesario e obrigatorio para conceder as subvencións. Decir que hai que estudalo, repensalo e ver que consecuencias pode ter.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, se lle vota en contra o PSOE, tampouco se pode dicir que non o teñen ben merecido. Despois de darlle o seu apoio, xusto, xusto o premio o levan vostedes.*

Miren vostedes, eu creo que esto é moito máis sinxelo, aquí, esto parece como se tiveramos 40 deportistas de elite. Mire, se saben os deportistas son, pois fanse nominativas e san se acabo. Eu, esta separación de 1.000 euros a un e outro 400, pero hai tanta diferencia nos niveles?, si ao fin e ao cabo, xa sabemos quen son , oiga, pois vamos a ver, esto non os vai a sacar de ningún apuro, a ningún deles, pois fagan nominativas e xa está, por destacado rendemento e deportistas de alto nivel?, pois non sabería decir eu, non sei si é porque saen uns no DOG e outros non saen, pero máis ou menos, eu creo que tamén, non sei se a diferencia teñen que ser 700 euros, a verdade e que me da igual, pero creo que esto é moito máis fácil, vamos a poñerlle nome, que todos sabemos quen é e acabamos, non pasa nada. A temporada que ven, non destacan, pois xa eles saben o que vai pasar, tampouco pasa nada, e que estó, andar a dividir, a uns 350 a outro... a ver, com mides agora as puntuacións máis altas?, quen vai a poñer as puntuacións? Bueno, eu creo que é moito máis sinxelo, non cre que haxa ningún problema por poñer nomes, agora que tamén lle digo, se tamén sabe a xente que todos máis ou menos, sabemos quen son..., mira, cando traia vostede unha emenda deste tipo, non fai falta máis que descolgar o teléfono e reunímonos, sentámonos e mira, fulanito, pum, pum, pum, e acabamos. Esto, creo que realmente non é realmente o que procede agora."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, por favor."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, nós non estamos de acordo con que sexa nominativa, entre outras cousas, porque o mes que ven, un rapaz de Dodro, acaba o campionato de España en Kayak, que nunca acadou ningún premio, e resulta que queda sen axuda porque son nominativas, nós non estamos de acordo para nada. As bases, é moi fácil facelas, ademais eso está regulado, vai por clasificacións, por puntuacións, co cal, tampouco ten maior problema, o comentario que fai o portavoz de Xente de Dodro, textualmente "non lle saca a ningún rapaz de ningún apuro", bueno, eso dio vostede, claro, é que vamos , vamos de sobrados, eu pódolle decir, que si, que hai a quen lle saca de apuro, e de feito, xa veu ao concello a solicitar a axuda en dous anos consecutivos e non se lle dou, independentemente diso e deixando este punto a parte, nós a emenda vémola ben, realmente, a cantidade que se solicita é practicamente a mesma que se estaba dando ata o outro día. Si que cremos que hai que distinguir aos deportistas de alto nivel dos de destacado rendemento, porque teñen, xa por decir so unha cousa, teñen uns gastos bastante máis elevados e nós imos a apoiar esta a emenda."*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal ."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si o problema é"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Falta o BNG."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"O BNG, vai a acabar rápido porque non veu con suficiente tempo a emenda e polo tanto, non vamos a entrar a discutir algo que entrou hai pouco, picas horas e non nos deu tempo de ver, nós o que vimos foi o Plan estratéxico que entendemos que si que é necesario por puntuación. Non estamos de acordo en que sexan nominal, ata dubido da legalidade de que teña que haber unha nominal, e o que pensa este portavoz do Bloque Nacionalista Galego, é que ao mellor Unidade Veciñal, podería traela un pouco máis adiante, porque a nós insistimos, non nos dou tempo de vela, polo tanto, non apoiamos esta emenda."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Bueno, pois eu, dicir que o Plan estratéxico de subvencións que se trae aquí, despois de haber sido rexeitado a vez anterior, a verdade é que este alcalde pensaba que viña, máis ou menos falado ou algún interese de sacalo, bastante días antes de esta convocatoria do Pleno. Entendo eu tamén que a emenda que fai a agrupación política Unidade Veciñal de Dodro, a parte de xustificación non corresponde a estes Pleno, porque son, a discusión das bases, cando chegue o día, haberá que discutir estas bases, si se inclúe este tipo se xestión ou outro tipo de xestión. Decirlle que non hai asignación presupostaria para esto, neste ano 2024 e entendemos que esta emenda non ten lugar agora mesmo, xa veremos como vai resultando o punto este da orde do día. Polo tanto vamos a vota, bueno, perdón, un último turno."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Nada, decir que si o único problema que temos é que non hai crédito para atallar ou para facer esta emenda, para modificar este Plan estratéxico, estamos falando de 1.300 euros, que levan vostedes no que vai de ano 17 modificacións de crédito, basicamente a última creo que foi de 60.000 euros e que digan aquí diante de todos que non teñen 1.300 euros para engadir no Plan estratéxico se subvencións, xa me parece tamén algo surrealista. Non sei se bases van a vir a Pleno, é obrigatorio, non sei se é obrigatorio que veñan a Pleno as bases, ou se aproban en Xunta de Goberno?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Intentarase que as bases sexan consensuadas, intentarase que as bases recollan todo o que se... e se aproben onde se aproben, garantizo que , como esto que tamén se falou antes de vir aquí, que veña von certo coñecemento dos grupos da oposición e con certos visos da súa aprobación, xa digo, se aproben en Xunta de goberno ou non se aproben en Xunta de goberno, é un compromiso deste alcalde, que pasen unha negociación*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

previa coa intención de que un asunto de tanta importancia, como parece que está tendo este tema, conte ca maior parte dos apoios de todos, son consciente de que estamos en minoría, como me repiten moitas veces e xa digo, que o meu compromiso é volver outra vez a negociar con vostedes as bases."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Se as aproban en Xunta de Goberno, non lle fai falta negociar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero é un compromiso que estou adquirindo aquí, vostede pódeo crer ou non."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Home, que quere que lle diga."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Negociar non pasa por traer unha cousa ás dúas da tarde para que se aprobe ás oito da noite."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Non, case mellor mire o rexistro de cando é?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vostede asinouno ás 10:58, non teño constancia do rexistro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Ás 10:58 non son as dúas da tarde."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu non estou pendente do rexistro, nin estou mirando o rexistro, non sei cando o viron o resto dos compañeiros."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, manteña as formas señor Vivente, e cando se...bueno, non vou a dar máis explicacións. Vamos a pasar á votación da emenda.*

Procédese a votar á emenda

Votacións:
Votos a favor: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
1 BNG
0 PP

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Empate vótase para o desempate

Votacións:
Votos a favor: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra:4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Repítese o resultado da votación. O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda co voto de calidade do alcalde a non adopción de dito acordo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Imos a proceder agora a aprobación ou non da Plan estratéxico de subvencións do ano 2024-2026, un documento que se trae a este Pleno, pensaba que máis ou menos se había falado con algún portavoz de grupos deste Concello e que contaba con certa aprobación, agora xa teño as miñas dudas, claro, en todo caso vamos a dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Repetir o que dixen antes, practicamente agora sen esa parte da emenda, ratificarme no*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que está posto aquí, aí tedes as cantidades por áreas e cando entramos na fase de avaliación, a urxencia e a necesidade de sacalo, porque témolo que ter, porque se non as subvencións non van adiante, é necesario por normativa, ter un Plan estratéxico de subvencións, xa digo que está por áreas, en cada área se describe en que consiste e logo na fase de avaliación, como dixo o alcalde, xa se elaborarán unhas base e intentaremos conseguir o maior consenso posible, si falaba da xunta de goberno, pero o que dixo o alcalde, o que se ve é traelo ao Pleno, no seu día xa vos chamarán aos voceiros e entonces, xa se negociarás esas bases, como dicía. Loxicamente, o noso grupo vai a apoiar esta Plan estratéxico."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, eu non vexo que estean aquí en minoría, eu creo que ten aquí bastantes apoios, está sacando as cousas adiante sen ningún tipo de problema. Cando non lle apoian directamente é que non teñen, non presentan ningunha opción."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vai falar vostede do Plan estratéxico?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Non presentan ningunha opción."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Desculpe señor Alfonsín .Vai vostede a falar do Plan estratéxico de subvencións?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si, si, estou facendo a introdución. Entón, minoría, minoría...eu penso que o contrario, ten vostede un grupo maioritario.*

Sobre o tema das liñas de subvencións, pois, son unhas subvencións que están, na nosa opinión totalmente desproporcionadas. Están falando todos os días, que este curso escolar aínda é máis caro que o seguinte. Vostedes non soamente manteñen o mesmo importe para as familias, se non que a parte, resulta que poñen vostedes unhas condicións que practicamente fai que poucas familias se podan acoller a estas axudas. Esto é o que a vostedes lles importan as familias de Dodro.

No tema de deporte, que dicir? A maior asociación que hai, no Concello de Dodro, que ten ao seu cargo á maior cantidade de persoas, como é o Club deportivo de Dodro, resulta que vostedes lle asignan 3.000 euros, eso si, para as festas hai 5.000 eh! Para as festas 5.000, non vaia a ser que algún se perda unha festa. 3.000 para o concello de Dodro, para o Clube ciclista padronés, 1.200, é case a metade, que eu vexo ben que Clube ciclista padronés que hai que apoialo, pero eu penso que hai que gardar unha proporción, polo visto, os outros grupos políticos non necesario que se garde esa proporción, bueno, están de acordo

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

vostedes con que se manteñan esas mismas axudas as familias a pesar de que os gastos para o estudio aumenta, están vostedes de acordo en aumentar as axudas para deportistas, pero para 90 deportistas vostedes o ven ben, bueno, nós estamos en contra. Nos estamos en contra porque esta política non é a que necesita o concello de Dodro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Rectificar é de sabios e rectificaron o tema dos deportistas, tal e como lle comentou este grupo político no último Pleno, pero este grupo político tamén lle comentou varias cousas, e comentoulle que pois durante doce, trece anos, leva a asociación AMIPA recibindo 500 euros, trece anos leva a asociación ANDAINA recibindo 500 euros, que son asociacións que ademais, atenden a veciños e veciñas de Dodro. Logo teñen as axudas a escolaridade, que levan trece anos sendo 4000 euros, o inri e que cada vez se lle da a menos familias porque os requisitos póñense bastante máis duros para que non reciban tanos cartos e non se poidan gastar esos cartos. Pero as axudas de emerxencia social, levan trece anos que son de 4000 euros e son axudas que ademais fan falta, porque hai familias con necesidades e supoño que a concelleira da área está máis que enterada dese tema. Entón, aí non modificaron absolutamente nada, pero claro, e logo vemos que modifican o das festas, e fan, van facer unhas bases por libre concorrencia, co cal algunhas comisións de festas posiblemente se van a quedar sen a axuda. Danlle ao Clube ciclista padronés unha cantidade importante que seguimos sen saber en que beneficia a Dodro, ese Clube ciclista, que pasan ciclistas aquí pola estrada xa o sabemos, pero non hai moito máis. A ANPA leva solo 500 euros, cando temos unha ANPA que a verdade está traballando moito polos rapaces e rapazas de Dodro. Está un pouco feita á medida do equipo de goberno, pero debería de tomar en consideración, un pouco o que lle lanzamos nos Plenos e o que lle dicimos. Se non saleu aprobada, foi precisamente por determinadas cousa, debería vostede tomar un pouco de nota e se a vida sube para todos, pois para o resto dos que reciben as axudas, pois tamén sube e que non se saca de ningún apuro?, asegúrolle de que a moitos si os saca do apuro, eu volvería a revisar este tema, nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, por favor."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Eu quero dicir que a responsabilidade, se non se aproba esta Plan estratéxico, é única e exclusivamente do goberno, se non teñen apoios é culpa súa, non dos demais, vostedes non lle poden botar a culpa aos demais, a todos os grupos de aquí, do Pleno, de que non se aproba e botar á xente encima do resto sa oposición. Nós, evidentemente se non nos aproban esta emenda, non imos a votar a favor, e dicir que non se aproba por 1300 euros que lle hai que subir aos deportista, basicamente. O que dixen antes, si se aprobara a emenda, votaríamos a favor. Non se aprobou a emenda, loxicamente non podemos votar a favor,*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

claro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego, por favor."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si bueno, isto non é un tira e afrouxa, hai que discutilo. Desde o noso punto de vista entendemos que si é necesario, entendemos que non está ben o de dar subvencións a dedo como xa se ten escoitado aquí, eu creo que iso xa pasou a outras épocas, que hai xente que quere volver a épocas pasadas evidentemente. Pero tamén hai que dicir por parte do BNG este plan fariámolo doutra maneira. Non estamos de acordo completamente coas cantidades que aquí se reflicten e polo tanto e para non dilatar máis o tempo, nós neste punto vámonos a abster".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu agora, vou a proceder a explicación de contestación a certas intervención dos distintos portavoces.*

Sabe canto daba o goberno presidido polo señor Alfonsín Somoza, ao Clube deportivo de Dodro? Cero euros, e que agora veña a dicirmos que lle parece pouco 3000, desde que estou eu de alcalde estánselle dando cartos todos os anos ao Clube deportivo de Dodro, estase tendo especial interese co Clube deportivo de Dodro. Sabe canto daba o goberno presidido polo señor Alfonsín Somoza, daquela tenente alcaldesa, a señora Boga, á Fundación Rosalía de Castro?, cero euros. Sabe canto daba á ANPA o goberno de infausto recordo?, nada. Sabe canto tiña vostede de axudas á natalidade no seu goberno?, nada. Sabe canto daban vostede e máis vostede a Cáritas?, nada.

Non deixa de ser curioso que a estas alturas, nós facendo un uso sensato dos escasos recursos que ten o Concello, intentemos chegar, claro que nos gustaría aumentar o tema de AMIPA, por certo, claro que nos gustaría aumentar o tema de ANDAINA, sabe vostede que eu persoalmente, no ano 23, 22 , por un Movemento Ultreia, tan denostado polo señor, polo portavoz, naquel momento era portavoz do Partido Popular, o actual portavoz da agrupación política Xente de Dodro, aportáronse 2500 euros polo Movemento Ultreia a ANDAINA, foi a asociación deste Concello, que esta alcalde puxo como para recibir a aportación do movemento ULTREIA, quero decir que hai que ser un pouquiño consecuente e ter certa memoria. Entonces, dito esto, eu digo, que efectivamente, nós facemos o que podemos co orzamento que temos. As axudas de emerxencia social mantéñense e como eu ben digo, xa o dixen máis veces, gustaríame que nadie tivese necesidade das axudas de emerxencia social, os requisitos que se fan, cambiaron un pouco, non por decisión deste grupo de goberno, se non, porque, as condicións duns certos varemos que se teñen en conta é : o salario mínimo interprofesional, que afortunadamente aumentou, a xente ten ago máis de capacidade económica, a veces parece que o que antes era unha axuda que chegaba a todo o mundo, igual agora solo chega á xente que realmente o necesita. Ao mellor, ten vostede que revisar as bases destas historias.

As axudas que dicíamos aquí tamén, as axudas á natalidade, instauráronse no

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

goberno, digamos tripartito do 19 ao 23. Quero dicir, que todo é moi mellorable, seguro, pero é o documento que temos co orzamento que temos prorrogado do ano 23. A nós gustaríanos empezar unha negociación nun orzamento distinto no ano 25, cousa que efectivamente intentarei, pero non me podo comprometer, porque se non igual teño que marcharme para a miña casa e que veña aquí a gobernar o Concello de Dodro e intentar outro tipo de acordos. Eu, realmente, penso que este é un bo Plan estratéxico de subvencións, mellorable e pendente de facer as bases en certos párrafos, como pon aquí, que está pendente de facer as bases para que a xente acceda a eso, e pensamos que xwe debería estar suficientemente explicado, o que é un Plan estratéxico de subvencións, a importancia que ten esto para o Concello e nada máis. Vamos a pasar á súa votación."

Procédese á votación o

Votacións:
Votos a favor: 3
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 6
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 1
1 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

C) MOCIÓNS:

C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS

9. MOCIÓN DO PSOE RELATIVA AO CANON DA AUGA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

"Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa ao Canon da Auga

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Dodro, de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia conta cunha propia conca hidrográfica integramente incluída no seu territorio, coñecida como Galicia-Costa e a comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencia exclusiva sobre a mesma.

A política de augas precisa infraestruturas eficaces para satisfacer as necesidades da cidadanía en materia de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais, sendo necesario un esforzo continuado de deseño, construción e mantemento destas infraestruturas, co custo económico que supón.

Coa Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, deseñouse un sistema tributario ambiental de carácter impositivo mediante o cal, os beneficiarios dos servizos de abastecemento e depuración cooperen coa construción e mantemento destes.

Todos/as os veciños/as do noso concello que usen ou consuman auga están obrigados/as a contribuír impositivamente con este canon establecido.

Por tanto, é un imposto distinto -e compatible -aos impostos (canons) creados, como novos instrumentos de financiamento, na Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

O canon da auga ten dous compoñentes: un fixo e outro variable.

1.-O compoñente fixo consiste nun importe mensual que deben pagar todas as vivendas indistintamente do volume de auga consumido.

2.-O compoñente variable é un sistema progresivo (cóbrase por tramos) que toma en consideración o volume consumido e o número de persoas que habitan a vivenda.

Este imposto denominado canon da auga creouse, a diferenza do anterior canon de saneamento, con independencia das accións concretas de depuración de augas residuais, para a recuperación de custos e con destino específico tendente ao sostemento de programas de gastos ineludibles e unha taxa específica do coeficiente de vertedura a sistemas de depuración para a prestación deste servizo por parte da Administración hidráulica de Galicia (desde o 31 de agosto

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de 2022 esta taxa foi substituída polo canon de xestión dasdepuradoras introducido pola Lei 1/2022, do 12 de xullo de mellora da xestión do ciclo integral da auga).

Segundo a Lei de augas de Galicia, a razón de ser entre o canon e a taxa do coeficiente de vertedura (agora denominada canon) é dobre: por unha banda, esa dualidade serve para recuperar os custos ambientais aos que se refire a Directiva Marco da auga e, por outro, para permitir a realización de principios como o de solidariedade intraterritorial e o de xustiza.

A Lei de augas prevé no seu artigo 44, que a súa recadación queda afectada ao desenvolvemento de programas de gasto que promovan:

a) A prevención en orixe da contaminación e a recuperación e mantemento dos caudais ecolóxicos.

b) A consecución dos obxectivos ambientais fixados pola lexislación e a planificación hidrolóxica de aplicación, e particularmente a dotación dos gastos de investimento, explotación e xestión das infraestruturas que se prevexan.
c) O apoio económico ás administracións que dentro da Comunidade Autónoma de Galicia exerzan competencias no ámbito do ciclo urbano da auga.

d) Calquera outros gastos que xere o cumprimento das funcións que se atribúen a Augas de Galicia.

Tal e como se recolle nos orzamentos da Xunta de Galicia, nos últimos catro anos ingresáronse 273.987.003 euros procedentes do Canon da auga, importe que tal e como figura na Lei de Augas de Galicia, débese de repartir entre os Concellos de Galicia para recuperar os custos ambientais e para permitir a realización de principios como o de solidariedade intraterritorial e o de xustiza.

Estes ingresos obtidos pola entidade Augas de Galicia increméntanse no devandito período nuns 400.000.000 €, procedentes principalmente de Fondos Europeos, ata alcanzar os 659.661.875 euros.

A día de hoxe descoñecemos con que criterios se reparten estes fondos entre os concellos galegos, non coñecemos que cantidades do recadado polo canon se reinviste nos concellos, non coñecemos con que criterio se reparten os fondos europeos e tampouco coñecemos que cantidades complementa a Xunta de Galicia con fondos propios para financiar obras nos concellos galegos.

O que si coñecemos é que dos 152 convenios asinados por Augas de Galicia para levar a cabo a realización de obras no sentido que marca a Lei de augas durante o período comprendido entre os anos 2017 e 2022, 111 asináronse con concellos gobernados polo PP, 32 con concellos gobernados polo PSdeG-PSOE, 1 cun concello gobernado polo BNG e 8 con concellos doutros signos políticos. E falando destes convenios, tampouco existe un criterio homoxéneo relativo ás porcentaxes de cofinanciamento por parte dos concellos en cada un destes acordos.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Fronte a este criterio de reparto totalmente partidista vemos como o actual goberno da Deputación Provincial da Coruña creou no ano 2017 un Plan Único no que os fondos son distribuídos mediante criterios obxectivos en cada un dos concellos da provincia.

Ante esta falta de transparencia e a aparente arbitrariedade no reparto e no establecemento da porcentaxe de cofinanciamento dos convenios asinados por Augas de Galicia, vemos necesario que desde o devandito ente se explique con todo detalle cales son os criterios de reparto dos fondos obtidos polo canon da auga, dos Fondos Europeos e da achega autonómica entre os concellos galegos, polo que propoñemosao Pleno desta corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO: O Pleno do Concello de Dodro insta á Presidencia do ente público Augas de Galicia a a que explique con detalle os importes e o destino da recadación do Canon da Auga no Concello de Dodro e o criterio de reparto dos devanditos fondos.

SEGUNDO: Que todas as cantidades recadadas pola aplicación do Canon da auga no noso Concello sexan reinvestidas en infraestruturas no propio Concello.

TERCEIRO: Que se negocie cos concellos galegos o establecemento dun sistema obxectivo de reparto dos fondos procedentes da Unión Europea e dos fondos propios da Xunta de Galicia para o deseño, construción e mantemento das infraestruturas hidráulicas municipais.”

Teñen lugar as seguintes intervencións:

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Antes de nada, dicir que a suspensión do Pleno anterior debido a uns desgraciados acontecementos que tiveron lugar, fixo que non se puideran discutir as mocións do Pleno anterior e que se incorporen as do Pleno anterior a este máis as deste, polo tanto pediríalle unha labor de brevidade a todos os portavoces, coa intención de non facelo excesivamente largo, pero bueno, estamos aquí xa e ata as doce da noite é o tempo que temos. Portavoz do Partido Socialista.”*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *“Seguindo as túas directrices, alaclde, vou dicir o que se pedía na moción que presentaba o Partido Socialista relativa ao canon da auga. Que era:*

- *Instar a presidencia do ente público Augas de Galicia, a que explique con detalle os importes, o destino de canon en Dodro e o criterio do reparto dos fondos.*
- *Que todas as cantidades recadadas pola aplicación do Canon da auga no noso Concello sexan reinvestidas en infraestruturas no propio Concello.*
- *Que se negocie cos concellos galegos o establecemento dun sistema*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

obxectivo de reparto dos fondos procedentes da Unión Europea e dos fondos propios da Xunta de Galicia para o deseño, construción e mantemento das infraestruturas hidráulicas municipais."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Como xa dixen no seu día, é dicir, esto é unha política, algúns concellos teñen unhas prioridades que coinciden co interese dos veciños e vostede ten unhas prioridades que coinciden cos seus intereses. Vostede quere formiginar a pista do monte do Santiaguiño e non quere construír redes de auga nin de saneamento. Vostede quere facer esa axenda sostible, para a que tivo o apoio de certos grupos políticos e agora, pois temos o que temos, unha pista pintada, e así, un sitio que tes que apuntar, tes que ir apuntando para non caer, pero bueno, algúns tiveron que esperar case 6 anos e ver a obra para darse conta do que ía a pasar, eso chámase visión, ter visión de futuro, seis anos co proxecto na mesa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, recórdolle que a moción é do canon da auga, non divague, por favor, ten vostede limitación do uso"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"E que me está interrompendo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero sabe vostede, para ra eso son o presidente da corporación. Sabe que ten vostede segundo o regulamento de ordenación municipal, ten que ceñirse ao tema da moción."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Recórdollo, nada máis"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Eso forma parte da introdución. E entonces, vostede adicou 130.000 euros a unha senda que agora é unha pista pintada, con formigón e adicou corenta e tantos mil euros a formigonar a pista do Santiaguiño para vostede chegar ao Santiaguiño en coche. Bueno, pois xa ten aí os cartos 180.000 euros, que vostede si se vai á Consellería e lle di que pon 180.000 euros, esos 180.000 euros se multiplican por catro, pero vostede quere facer eso, pero eso é o que fan os outros alcaldes, é dicir, un segue os criterios de xestión que van encamiñados a procurar o benestar dos seus veciños e vostede segue os criterios que lle permiten o seu benestar persoal e aí está a diferencia. Non fai falta nin canon, nin discutir aquí sobre o canon da auga, o que hai que ter e que distinguir si vostede quere ós cans, os concursos, ou prefire aos veciños de Dodro, esa é a diferencia, non hai máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular"*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Existe unha tendencia entre certos concellos, entre eles Dodro, a renegar das súas competencias en materia de xestión, en saneamento e depuración, alegando de forma errónea que Augas de Galicia, recauda o canon da agua para financiar a xestión. O canon da agua é unha taxa prevista en toda a lexislatura, perdón, en toda a lexislación sectorial que grava o uso do consumo da agua polo impacto ambiental do seu uso, baseándose nos principios da recuperación dos custos, incluídos os ambientais e quen contamina paga. Recádase en practicamente todas as comunidades autónomas de España e o galego está entre os máis baratos, na práctica totalidade dos concellos galegos os investimentos son moi superiores a recadación polo canon da agua, a recadación deste canon, permite a Augas de Galicia exercer as súas competencias de coidado de dominio público hidráulico, loita contra vertidos, infraestruturas etcétera. A nova lei de mellora do ciclo da auga, colle os principios do Pacto da agua da Xunta de Galicia coa FEGAMP do ano 2013, que é blindar os investimentos públicos con criterios obxectivos, garantir a solvencia técnica na xestión, tarifas igualitarias e aproveitamento das economías de escala. Algúns dos maiores investimentos ques está a acometer actualmente a Xunta de Galicia, precisamente, estanse a desenvolverse en concellos gobernados polo partido socialista. Esto ven porque no corpo da moción, aínda que o portavoz do PSOE non a leu, di que os máis beneficiados son textualmente, os concellos galegos gobernados polo PP e resulta que as obras que actualmente está a cometer a Xunta de Galicia, son en concellos gobernados polo Partido Socialista que foi a pedir axuda á Xunta e se lle dou, para arranxar a a depuración e saneamento, por exemplo, Viveiro, Foz, Burela, Vilagarcía e Pontedeume, son un bo exemplo disto, pero é o maior de todos está nun concello gobernados polo BNG como é Rianxo, e sobre todo en Pontevedra, onde as Xunta está a promover un investimento de 50 millóns para sanear a ría con resultados evidentes, entón polo menos o corpo da moción deberían rectificar algunha cousa que din que non se axusta á de todo a verdade. Nada máis que dicir, imos a votar en contra desde logo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si , aquí estas mocións, a nós, os da Unidade Veciñal píllanos aquí no medio no lume cruzado entre outros, mocións que veñen de arriba e que veñen..., bueno nós estamos a favor desta moción e sen máis para non alongar o tema, imos a votar favor ."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Eu penso que non hai que enredar moito máis, o canon sempre é gravoso para a veciñanza e é un tema moi importante é un tema que desde desde a Xunta non se fixou moi ben obxectivo que persegue realmente a axenda que estaba encima da mesa e vai ser gravoso para xente, entón non podemos votar en contra desta moción e polo tanto vamos a votar a favor."*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " *Eu quería, xa que nos aforramos a lectura do texto e foi bastante, bastante..., pero bueno recortarlle á portavoz do Partido Popular, mire, os ingresos obtidos polo Partido Popular de Galicia, está no corpo da moción, increméntanse no devandito período, bueno perdón, nos últimos 4 anos 273 millóns de euros, nos últimos anos aumenta 400 mil, polo tanto, finalmente ata acadar , perdón 400 millóns, 659 millóns de euros, a día de hoxe, o que di o texto da moción, é que descoñecemos os repartos que fai a Xunta de Galicia, que cando di a misma lei de augas da Xunta de Galicia, aprobado no parlamento, ca maioría popular, que debería reverter en tódolos concellos galegos, a este concello, por parte da Xunta de Galicia, non se nos asignou nada por parte de Augas de Galicia, é o que estamos pedindo e é unha pena, pois para nós grande, o que estamos intentando defender os orzamentos do concello de Dodro, o Concello de Dodro e os veciños do concello de Dodro, estamos intentando.*

Segundo, dicir que a min non interesan os veciños de Dodro, no tema de sanidade, como se di?, no tema de alcantarillado e subministro de auga e tal e cual, é curioso, cando vostede mismo me levou a min ao xulgado por unha obra de mellora de alcantarillado en Lestrobe, hai que ter, hai que ter, hai que ter hai que ter cara hai que ter cara. Vostede acordase de como quedou a sentencia? hai que ter unha cara coma súa, hai que ter hai que ter unha cara, pois precisamente, hai que ter cara, pero unha cara especial para vir aquí e dicirme isto , a dicirme isto a min, que ampliamos a rede, ampliamos a rede de alcantarillado, e vostede lévame ao xulgado, bueno, á parte diso, unha das primeiras inversións que fixemos foi mellora de redes de moitas e moitos concellos, entonces parece mentira que vostede xogue desta maneira, coa ignorancia e mentindo, pero bueno, tampouco estraña vindo de onde ven vostede. Dito isto, vamos a proceder á votación da moción, por se non estendémonos demasiado."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

10. MOCIÓN DO PSOE EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

" MOCIÓN EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA

O Grupo Municipal do PSdeG do Concello de Dodro, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rematado o curso escolar 2023-2024 é hora de facer valoración e unha avaliación das medidas que a consellería de educación da Xunta de Galicia levou a cabo neste curso a prol do ensino público de calidade no noso concello. Os **gobernos locais** afóganse economicamente asumindo funcións que non lle corresponden; familias afogadas economicamente e sen **transporte** para que os seus fillos e fillas teñan unha Formación Profesional básica; **infraestruturas** de colexios e institutos non adecuados á modernización das ensinanzas de calidade e básicas; **colexios do rural** cada curso con menos docentes, menos recursos e máis peches.

Denunciamos que a Xunta de Galicia deriva cada vez máis competencias aos concellos sen dotalas de financiamento, o que afoga as economías municipais. Os **gobernos locais** asumimos como propias, con cargo a arcas municipais, competencias da administración autonómica, como son o mantemento, conservación, limpeza, vixilancia e conserxería. Estamos nunha constante loita entre as competencias da administración local e autonómica cada vez que temos que asumir un gasto dos centros escolares en cuestión xa non de mantemento senón de inversión, algo que pola lei de racionalización das entidades locais, nós non podemos asumir. E sexamos realistas, a maioría dos**centros educativos**

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

contan con máis de 40 anos dende a súa construción, polo tanto xa non se trata dunha cuestión de reparación se non de investimento. Pero neste fogo cruzado sempre perden os centros escolares dos nosos concellos e polo tanto as nosas nenas e os nosos nenos. Non podemos seguir asumindo esta situación por máis tempo. É preciso que a Consellería de Educación asuma dunha vez por todas as súas responsabilidades e deixe de afogar economicamente co seu desleixo aos concellos.

O transporte Escolar é deficiente para alumnado de ensinanzas de Bacharelato e de Formación Profesional, sobre todo no ámbito rural, onde moitas das familias teñen que afrontar o gasto do transporte ou mesmo son as familias quen se fan cargo do traslado en coche propio dos seus fillos e fillas aos institutos de Formación Profesional.

Por outra banda, seguindo as peticións das familias e do propio persoal dos centros educativos do noso concello, é necesaria tamén unha **inversión en recursos humanos** e en profesorado tanto en docentes en xeral como en profesionais especialistas (Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientación, etc...). Cada curso escolar vemos como se suprime profesorado especialista e de apoio a alumnado con necesidades educativas especiais, sobre todo nos **colexios rurais**.

Como se pode observar, o goberno do Partido Popular suspende en garantir unha educación pública de calidade, o único no que aproba é nos recortes educativos e na incapacidade de asumir competencias propias. Iso dáselle ben a este goberno, sobre todo nas **zonas do rural** e que estes cursos anteriores tamén chegaron ás grandes cidades. Os recortes efectuados xunto coa incapacidade de cumprir coas competencias propias **consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos** que abondan na seu deterioro. Os continuos recortes executados na educación pública do noso país están a xerar un **incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación.** Por isto temos que dicir que o goberno da **Xunta de Galicia suspende** en inversión efectiva na educación pública, considerando así que un goberno que non inverte na mellora educativa do seu país debería **non promocionar**. Si o goberno non promociona a sociedade tampouco, retrocedendo e quedando á cola de España e moito máis aínda da Comunidade Europea.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propoñen a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Dodro insta ao Goberno da Xunta de Galicia a:

1. **Asumir os costes** de mantemento, conservación, vixilancia e conserxería dos centros educativos con titularidade da Xunta de Galicia, que tanto está agravando as economías municipais.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. Garantir **o servizo de transporte escolar gratuíto** para facilitar o acceso ao sistema de educación público ao alumnado de Bacharelato e Formación Profesional.
3. **Incrementar** o número de docentes de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe de acordo as necesidades dos centros que permita dar unha atención adecuada ao alumnado con NEAE, **incrementar** o número de profesorado dos centros escolares como apoio do persoal existente e **aumentar** o persoal do Equipo de Orientación Específico.

4. Elaborar un **plan específico** e estratéxico de organización do sistema educativo actual priorizando e potenciando as **escolas do rural**."

Teñen lugar as seguintes intervencións:

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A moción seguinte, tamén é unha moción do PSdG-PSOE, e tamén, vamos a intentar resumila unha vez máis. Por favor."*

Procede á lectura da moción o voceiro do PSdG-PSOE, Ramón Abuín Gómez.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas por portavoz da agrupación política xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Despois de escoitar ao voceiro do Partido Socialista, parece que a consellería de educación non invirteu nada aquí neste concello. Parece que se olvidaron, foi a inversión máis importante e todos os CPIs que se fixo, non so na provincia, se non en Galicia, creo recordar que era millón e medio, para dicir que non se que nos invite non sei canto máis queren que se invirta, os que non invirten son vostedes. Cando cas axudas a escolaridade, 4 mil euros, resulta que reparten 1.500 ou 2.000, poñen os criterios para que ninguén chegue xa esas axudas. O compromiso está aí, a Xunta inverteu millón e medio na maior reforma que se fai non colexio, creo recordar, en toda Galicia e din vostedes que teñen que invertir máis, non sei en que máis, o que terán que vixiar vostedes e nas competencias que seguen as mesmas que tamén eran co bipartito, tampouco veñan aquí a votar en contra de nadie, porque cando vostedes estiveron xa tiñan tamén, en definitiva que non, tendo en conta a actuación da Xunta de Galicia especialmente na educación aquí no concello de Dodro, esta moción non se sustenta ."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Grazas,por portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nós entendemos que teñan que traer ao pleno mocións formas que lle mandan do partido, pero polo menos deberían de adaptalas á realidade de Dodro, piden na moción que a Xunta de Galicia asuma os costes de mantemento conservación, etcétera dos centros educativos, pero parécelles pouco asumir un coste de preto dun millón e*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

medio que acaba de invertir a Xunta de Galicia no CPI?, parécelles realmente pouco?, precisamente ademais en mantemento e conservación que o que piden no corpo da da moción, pero aparte deso, recordarlles que a Xunta de Galicia tamén subvenciona parte dos gastos anuais de mantemento e outros gastos, ao mellor público no no sabe, pero vostede como alcalde, si que o sabe. A maiores á Xunta de Galicia aporta ás familias axudas para libros, para material, para comedores escolares, algo lle recordou antes Unidade Veciñal, que podían tirar de algún tipo de axudar para esas cousas, para equipamento, para materiais dixitais e agora tamén as matriculas universitarias gratuítas. Logo, tamén falan na moción de incrementar o número de docentes de PT e AL, vamos a ver, isto é algo que ten que solicitar o centro, en caso de que vexa necesario, e aquí entre os concelleiros ai un profesor que traballa no CPI, e supoño que ten coñecemento desto, non creo que o equipo de goberno saiba cando e como se necesita un PT e un AL, salvo que ahora si o sepan e nos sorprenden un pouco a todos, en calquera caso, temos os profesores necesarios adaptados á matrícula de cada curso e calquera urxencia ou necesidade nesta materia o centro é o encargado de xestionalo, non o Partido Socialista presentando nunha moción. Bótase de menos, de todas maneiras, un pacto de estado pola educación, é unha anomalía, é un fracaso da nosa democracia que nunca falamos e que nunca somos quen de acadar, aínda que ocasións si que es estivo cerca e non renunciamos eso, o que si podemos afirmar sen complexos, é que o sistema educativo galego está ao nivel dos mellores de Europa e non o día Xunta de Galicia, senón espertos internacionais tan prestixiosos coma o coordinador do programa PISA da OCDE, a educación galega está á cabeza en equidade en toda España, coa porcentaxe máis alta de alumnado resiliente, aqueles que obteñen resultados académicos excelentes e que propician a igualdade de oportunidades e ademais é vostede como alcalde saberá que en Dodro, o curso que ven de rematar agora en xuño, temos algún que outro expediente académico excelente, co cal, o xeito desta moción, a verdade, e que non lla vemos. Nada máis que dicir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, por favor ."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Igual que na de antes, cóllenos aquí no medio. Simplemente dicir que claro para o PP de Dodro parece que todo está ben e o que está mal é do goberno central evidentemente é de Madrid todo o que está mal. Tamén, nada máis que recordarlle a Xente de Dodro e máis ao PP de Dodro, que a inversión máis importante que se fixo aquí, no CPI, foi precisamente ca Unidade Veciñal, na concellería de educación, que foi quen realmente o traballou, se non se fixera ese traballo desde a concellería da Unidade Veciñal, posiblemente non estaría, non estaría feita esa obra. Nos imos a votar a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"A*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

defensa do ensino público e algo que desde o BNG, como tal, sempre defendemos a nós agrádanos que nos que veñan aquí este tipo de mocións porque afectan directamente a Dodro, afectan directamente claro ver que un CRA de Dodro- Padrón se xuntan, hai que aplaudilo?, pois claro que si, porque xa se vía vir que había que había que aplaudir iso, pero é un fracaso da Xunta e do PP, o feito de que non hai natalidade para manter os dous CRAs, como tiña que ser, ese é un fracaso do Partido Popular, é así. Iso por un lado, por outro, á comunidade do CPI agora mesmo ten de menos 2 profesores, repito a comunidade educativa do CPI está agora mesmo, con dous profesores menos, é dicir, que o que dixo Partido Popular na na boca da súa portavoz, a señora Boga, que todo profesorado está perfecto, é falso, é falso. Estamos aquí, xustamente para que unha vez que o Pleno acorde ou non, e levarlle á Xunta isto. Dito sea de paso tamén que si é certo que levamos 8 grandes reformas educativas, 8 grandes reformas educativas, e moitos países de Europa rinse un pouquiño de nós, porque cada vez que chega un persoa ao goberno dun color, cambia a lei, un xa non sabe en que lei educativa estamos. Despois, con respecto con respecto a que o Partido Popular, que me fai moita gracia, encha a boca falando democracia, como di o refrán, dime de que presumes e o mellor direiche de que careces. O informe PISA, para min persoalmente, para min persoalmente, non me serve de nada, porque pode mañá calquera persoa chegar con outra informe, a min o que me vale, como pai e como calquera das persoas que ten fillos, é se aproba, se non aproba, se ten ensino de calidade, porque non están chegando a bo termino, non están chegando a bo termino e non é realmente obxectivo ningún dos informes que agora mesmo están a facer e que están perdendo moita forza ou alumnado e moito esforzo profesorado para iso, polo tanto estamos de acordo e mire último dato que que temos encima da mesa fronte a este mundo marabilloso que describe de color na enseñanza o Partido Popular, 1000, 400 perdón, un millón catrocentos mil euros, foi o que se invertiu despois de corenta anos, que eu xa non puiden pisar o CPI, iba sendo hora, non era necesidade, non era falta, era necesidade. Iso por un lado e por último, o Partido Popular con respecto á educación, se habería onde meter cartos polas protestas que estamos vendo acotío, incluso na galega sala algunha protesta, así de esquina pero sae. 1.400 millóns sen executar do orzamento do ano 2022, repito a cantidade, 1400 millóns de euros en executar do orzamento 2022, mirade vós se non había sitio para metelo, por exemplo, en algo do que se fala en esta moción."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas, un turno máis ao portavoz do partido socialista, para defender a moción."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Recordarlle ao voceiro de XD, que dicía, agás a rehabilitación integral que se fixo rendemento do CPI, reforma que se fixo pero non por vostedes, vostede tamén a estivo ocupando durante oito anos o cargo de alcalde, nunca se interesou por o CPI e si como de como di o voceiro da Unidade Veciñal, foi estando na concellería de educación, na concellaría de educación, Unidade Veciñal de Dodro, pero tamén contaba co apoio do Partido Socialista. Indubidablemente, nas primeiras visitas que viñeron para facer o estudio, foi acompañando os concelleiros de educación e o de obras, estivemos presentes*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

cos técnicos municipais ou da Xunta onde ían e redactar ese proxecto. Ao PP indubidablemente, asumilo coste de conservación, de limpeza e de mantemento, eso é o que estamos solicitando, non so algo, e que hai máis gastos que simplemente o que foi do o CPI, a reforma integral, hai un mantemento, hai conserxes e de todo tipo limpeza, pequenas e pequenas reparacións que hai, a pasar de ser novo, de estar rehabilitado recentemente, operarios municipais, están continuamente no CPI, limpeza das herbas, porque non sei cantas veces, cada mes máis de unha vez. A demanda, con respecto á demanda da comunidade educativa, do profesorado, ven ao explicou o profesorado, agora voceiro do BNG. Nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a pasar a votación pero tamén eu quería dúas cousas. Parece que non se leu a a proposta de acordo, a portavoz do Partido Popular.*

Punto 1: asumir os costes de mantemento, conservación, vixianza e conserxería, dos centros educativos. O concello de Dodro destina dúas traballadoras a tempo completo, máis unha traballadora tempo parcial, e máis os custos correspondentes, como ben dixo o concelleiro do servizos, de mantemento do CPI.

Segundo: á pregunta de que a inversión máis grande que efectivamente fixo a XUNTA, no CPI de Dodro, será porque, recórdolle ten 40 anos, a inversión que fixo a Xunta últimos 40 anos, no CPI de Dodro, foi pouco, non vou dicir cero, pero pero foi moi pouco, evidentemente cando inverteu millón e medio, e porque estaba o CPI de Dodro a caer, a caer cando inverteu millón e medio de euros é porque estaba a caer, vostede per vostede non estaba nas negociacións que como moi ben dixo o portavoz de Unidade Veciñal levo as..."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Foi o que dixo que fora unha persoa, xa sabemos que foi Unidade Veciñal."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, pero estou dicindo que a necesidade era grande, a necesidade era moi grande, e vostede estuvo gobernando este concello..."*

Interrompe o concelleiro do Partido Popular e falan varios de xeito simultáneo.

A secretaria que susbcribe pide que non falen todos á vez porque iso supón serias dificultades na redacción da acta.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís : *"Ah, non, no podemos, está claro, desculpa, non, nos se vai a ...e máis estase... Quero dicir, que que dito isto, punto dous garantir o servizo de transportes escolar gratuíto para facilitar o acceso ao sistema de educación publica do alumnado de bacharelato e formación profesional, que aquí non hai, pero estamos pedindo, desde o PSOE, que se garanta este servizo de transporte escolar gratuíto, digo porque hai outra*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

emoción máis adiante que pide uns cambios e unhas melloras de transporte, entón tamén aquí se inclúen.

Segundo, incrementar os docentes, perdón terceiro.

E cuarto elaborar un Plan específico estratéxico do sistema educativa, priorizando as escolas do rural, que como vostedes iben sabe, as inversións máis gordas das escolas do rural do concello Dodro, do CRA, caen ao lombo do concello de Dodro que é máis o que máis gasta en mantemento das escolas, e as obras todas de mellora acométeas este este Concello, polo menos nos últimos anos. Dito esto, quedando esto claro, vamos pasar á votación."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

11. MOCIÓN DO PP SOBRE O TRANSPORTE.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

"Dª. Mª Soledad Boga Grela, como Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Dodro, e ao amparo do disposto no regulamento orgánico municipal do Concello de Dodro, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No noso concello non hai instituto de educación secundaria polo que si algún rapaz ou rapaza quere cursar estudos de bacharelato ten que facelo necesariamente noutro concello que dispoña destes estudos, sendo un dos máis pretos os institutos de Padrón.

As familias e os rapaces e rapazas atópanse co problema do transporte para poder acudir aos institutos en Padrón posto que o transporte público, xestionado por Monbús non pasa polo concello a unha hora axeitada para que cheguen a tempo ás clases, e o transporte dos institutos no fai a ruta de Dodro. Este é un problema dende fai anos e que xa todos temos reclamado e máis dunha ocasión polo que debemos insistir unha vez máis para intentar acadar unha solución satisfactoria.

Os dous institutos de Padrón teñen transporte de autobús para os alumnos/as que viven no concello de Padrón pero non para os que viven en Dodro, a pesar de ter que acudir a eses institutos. Ata fai un par de anos recollían solo aos alumnos da aldea de Lestrobe pero agora tampouco os recollen porque o concello non reclamou esa parada no seu momento.

Ante esta situación os pais vense obrigados a contratar taxis particulares entre outras medidas para que os seus fillos e fillas as poidan cursas os estudos de bacharelato, tendo así un coste adicional nos seus estudos.

Ante esta situación e considerando que os nosos rapaces e rapazas teñen dereito a ter transporte para poder acudir ás clases, propoñemos ao Pleno Municipal do Concello de Dodro a aprobación dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia a que as rutas do transporte dos institutos Camilo José Cela e Macías o Namorado de Padrón inclúan rutas no concello de Dodro para os alumnos que cursan estudos nestes institutos.

2. Que o Concello de Dodro faga as xestións necesarias e solicite á empresa Monbus para que cambie o horario de autobús ao seu paso por Dodro adecuándoo aos horarios de entrada e saída dos rapaces e rapazas do instituto.

3. Instar á Xunta de Galicia para que faga os trámites necesarios para que a empresa Monbus adecúe o horario ao seu paso por Dodro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta é aínda das antigas que había de xullo. Por favor, señora María Soledad Boga Grela, portavoz"*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procede á lectura da moción a voceira do Partido Popular, María Soledad Boga Grela,

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do grupo socialista, por favor."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Por parte do grupo municipal socialista, no referente ao punto 1 estamos de acordo en instar á Xunta de Galicia, a que a ruta de transporte aos centros educativos de Padrón, inclúan rutas no concello Dodro, para os alumnos que cursa estudos nos referidos institutos. No relativo ao punto 2, aínda que non consideramos como consideramos, precisamente que o concello de Dodro teña que facer as xestións necesarias e solicitar da empresa Monbus para que cambie o horario do autobús ao seu paso por Dodro, as xestións da alcaldía van camiñadas en eses sentido, pero debía ser claramente a Xunta de Galicia, quen debe de facelo, e polo que respecta ao punto 3, de instar á Xunta de Galicia, para que faga aos trámites necesarios para que a empresa Monbus adecúe o horario ao seu paso por Dodro, tamén estamos de acordo, consecuentemente o Grupo Municipal Socialista vai a apoiar esta moción."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro, por favor."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Non sei se é correcto, é dicir, por lado instar á Xunta Galicia ca ruta do transporte, veñen a Dodro para que collan aos alumnos é o mesmo tempo, pedirlle a Monbus que cambios horarios, para que se adecúe o horario, pois se hai uns autobuses que fan a ruta do instituto, pois ao mellor o outro, sería innecesario, non sei que ten que, non sei que ten que ver os autobuses do instituto cas rutas de Monbus. Ou van nun autobús ou van noutro, Dudo que teña competencias Monbus para cambiar os horarios, non sei. Que dende o Partido Popular e Dodro, se inste á Xunta Galicia, non sei, cando menos botamos unha foto nas redes sociais da voceira do Partido Popular, pois co concelleiro de cultura, anunciando xa esas medidas, así o fixo cando foi ca señora Eloína, e máis cando foi ca directora xeral de cultura, pero bueno, nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas, portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si bueno, a moción é a mesma que presentou a unidade Veciñal de Dodro, en novembro do ano pasado, pero con outras palabras, máis ou ou menos, ou PP pide que o concello de Dodro faga a xestión necesarias e solicita á empresa Monbus, e a nosa poñía: solicitar ao goberno unha reunión cos responsable da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a concesionaria dos servizos Monbus, para estudar e acordar as melloras nas frecuencias horarias do servizo público de transporte de Dodro, se serve de recordatorio, podemos facer unha*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

moción cada dous meses sen problema ningún, por nós, votaremos a favor e dentro de 8 meses ou que sexa, volvemos a presentar outra porque basicamente é a mesma, mire, aquí no corpo da moción, na exposición de motivos, vostedes din: ante esta situación os pais vense obrigados a contratar taxis particulares, entre outras medidas para que os seus fillos poidan cursar os estudios e nós poñíamos: moitos dos estudantes de Dodro do centro de ensino de Padrón, vénse obrigados a recorrer ao transporte privado, co custe adicional que este supón para a economía do veciños. Ou sexa, fixeron a fixeron a nosa moción e cambiáronlle un pouquiño. Vale estamos de acordo como é a nosa pois imos votar a favor ."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*: "Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Foi antes, non coma Unidade Veciñal, senón, foi en febreiro do 2003 cando todo pleno votamos a favor de que se mellorara, no 2023 pero foi en febreiro, foi unha moción creo recordar, que trouxemos aquí e espero que tamén como daquela, agora mesmo todo Pleno vota e favor por que non nos fixeron caso nin en febreiro, nin marzo, nin e abril, nin, non sei, novembro. Esperemos que agora, con esta máis coas que veñen, pois a ver se alguén toma nota da necesidade que temos, porque é unha necesidade."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Se quere un turno máis vostede. Eu voume a reservar un ao final."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"O portavoz de Xente de Dodro di que non sabe se é adecuado e que non sabe o por que dos autobuses?, home porque tamén hai veciñanza que ten que unha cita médica, ás oito e media da mañá no Hospital Clínico e non ten autobús en que ir e ten que chamar a un taxi, di lle vale a explicación, suficiente. Logo tamén di así, con certo sarcasmo, ou certa ironía, que igual bota de menos a foto, que si con quen, bueno, ao mellor o problema que ten é que vostede non podes sacar a foto agora, nós cando conseguimos cousas, publicitámolas, non denunciamos, nós publicitamos as cousas que conseguimos para veciñanza de Dodro. A Unidade Veciñal, si efectivamente mire claro e que puxemos o dos taxis porque creo que todos en Dodro sabemos que, hai determinados pais, que teñen que pedir un taxi e si queren, hasta dicimos quen, porque creo que o coñecemos todos, todos coñecemos a carencia dos autobuses de Monbus e no sentido horario, dicía o portavoz de Xente de Dodro, que non sabía as competencias, home, debería de sabelo, porque foi alcalde 8 anos, que hai unha contratación pública que depende da Xunta de Galicia, se non o sabe, é que ten un problema de memoria. Di vostede : presentamos unha moción, vale e que fixeron con presentar unha moción que todos aprobamos e o BNG di que en febreiro do 2023 presentamos nós unha moción, vale e que fixeron unha parte de presentar emoción? e de que todos votaramos a favor que fixeron? porque en febreiro de 2023 estaba vostede no goberno, que xestións fixo? que foi vostede á Xunta e fixo algunha xestión para intentar arranxar isto. Mire nós si traemos a moción, é porque tivemos unha*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

reunión no mes de xullo, a primeiros de xullo, e viñeron varios país a falar con nós, e con este tipo de cousas, e concretamente algúns dos pais que veu a esa reunión dixo: mira e que xa falamos con todos, e todos nos din o mismo, todos presentan o mesmo, pero ninguén acada ningunha solución, nós imos a intentalo, non vamos a dicir que o imos a conseguir, porque non o sabemos, pero non si vamos a intentar acadar esto para beneficiar aos veciños e as veciñas de Dodro, que nos estamos aquí para iso, non estamos para sacar a foto e que lle den envídia a outros, estamos para acadar solucións como ata ahora levamos facendo dende hai ano e medio. Nada máis que dicir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *Eu agora estaba intentando non participar e lamentablemente teño que entrar. Efectivamente, como ben dixeron os portavoces aquí, todo segue unha liña temporal,. por todos aquí todo parece unha liña temporal, parece fabulosa. Desde abril, o 23 leva este alcalde intentando ter unha reunión ca consellería de transporte en Dodro , primeiro por un tema, despois por outro, despois por outro e estou sin ser atendido pola Xunta de Galicia e pola consellería de educación. Está todo aí arriba, correos electrónicos peticións del oyente, chamadas telefónicas, enviouse a emoción, é dicir, que veña vostede agora, a salvarnos a nós da miseria ..."*

Interrompe a voceira do Partido Popular.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguro, a consellería de educación da Xunta de Galicia, ten moitas direccións, igual vostede ten máis amigos, que é moi posible, que o entendo do ,fíxese ben o cual lle agradezo ou cual lle recoñezo, e si desta vez, e si desta vez, bueno vamos a deixalo correr, e si desta vez, alguén de consellería, ten a ben, por esta moción do PP, recibir ao alcalde do concello de Dodro, por un tema de transporte, vou alucinar. Marzo, escoite, escoite, non, non, non á reunión xa vou eu..."*

Interrompe a voceira do Partido Popular.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdón, non me interrompa, eu a vostede non a interrompín, por favor, señora Boga, eu a vostede non a interrompín, dígolle que eu estarei encantado de ir, farei unha defensa a ultranza do transporte do concello de Dodro e como non pode ser doutra maneira, intentarei conseguir que Monbus cambie as rutas, que Monbus cambie o horario e que faga os trámites adecuados para todo o que faga falta, pero título isto, xa digo, vou a votar a favor, vamos a votar a favor, e posiblemente, pase outra vez, e eu cando se redacte o texto este e se envíe á consellería, pois poñerei con letras grandes e en amarillo fosforito, que é unha moción do Partido particular, a ver se por unha vez, nos fan caso en algo do que se propón, xa digo, a este alcalde, na súa humildade e como consecuencia das mocións aprobadas no 23, como moi ben dicía o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, levo intentando reunirme con alguén da consellería, nada de nada, pero bueno, vamos a, bueno vostede podo dudar o que queira pero bueno, eu teño máis que forma de xustificalo."*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

12. MOCIÓN DE UVD SOBRE CREACIÓN DUNHA PÁXINA WEB CORPORATIVA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

“Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro, someten a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde fai anos o concello de Dodro conta cunha páxina web que está anticuada, non ofrece ningún tipo de servizo a cidadanía e ningún resultado positivo. Tanto é así que a maioría da xente non a coñece.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

As redes sociais ofrecen un servizo de información parcial e instantáneo, sendo esa información puntual e que queda atrasada en cuestión de horas.

Unha páxina de internet corporativa de calidade e ben deseñada non só proxecta unha imaxe profesional, senón que é parte esencial do éxito comunicativo e de participación. Infunde credibilidade e profesionalidade a todos os niveis.

Para ter visibilidade nun mundo dixital é imprescindible ter servizo que nos conecte co mundo.

Internet ten un enorme alcance que temos que aproveitar. Hoxe en día son millóns os usuarios que se conectan diariamente á rede para informarse, comparar, visitar e realizar xestións que deberían estar ao seu alcance de forma sinxela, áxil e permanente, como anotarse a unha excursión, a un servizo de madrugadores, a escola de verán etc. ou consultar información relacionada co turismo, o patrimonio ou o medio natural. Tanto é así que moitas administración locais apostan por ter, ademais, un portal web só relacionado co turismo, que poña a disposición da sociedade o que desde a localidade se pode ofrecer.

Dodro non pode estar presente só nas redes sociais como Facebook, a cal ten unha repercusión centrada nun sector da poboación específica, ou en cartelería colgada en paneis, que aínda sendo efectiva, non ofrece a cantidade de información, manexo e servizo que ofrece unha páxina de internet.

Incluso certas subvencións de outras administracións obrigan as entidades locais a facela visible na súa páxina web, porque entenden que son estas unha fonte de información a cidadanía de gran importancia.

O concello de Dodro está gastando anualmente grandes cantidades de diñeiro en publicidade na prensa, como xornais e radios, sen, ao ver da Unidade Veciñal de Dodro ningún retorno a veciñanza, entendendo que se fai só para “que non falen mal de un” o que se chama “comprar a prensa”, sen ningún tido de contratación fiscalizada e controlada pola administración.

Dodro debe ofrecer un servido de información permanente, de fácil manexo e sobre todo transparente.

Por todo iso propoñemos o seguinte

ACORDO:

Reducir o gasto económico en prensa e contratar a creación e posta en funcionamento dunha páxina web corporativa.”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: “*Esta é unha moción de Unidade Veciñal de Dodro, quedoulle pendente do mes de xullo. Fai tanto tempo, empézase coma fai anos.”*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procede á lectura da moción o voceiro de Unidade Veciñal, Xoán Xosé Vicente Franco.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Din vostedes que o concello de Dodro conta con unha páxina web que está anticuada, a páxina estaba e está como cando vostede formaba parte do goberno municipal. No que respecta a que Dodro non pode estar presente so nas redes sociais como Facebook, a cal ten unha repercusión centrada nun sector da poboación especifico ou en cartelaría colgada en paneis que non ofrecen a información que ofrece unha páxina de internet, vemos que o seu grupo, Unidade Veciñal de Dodro, móvese ben polas redes sociais, moi activos, pero máis ben é para criticar e non cooperar coa labor deste goberno, pregaríalles que fagan unha oposición construtiva non destrutiva e non faga o mesmo coa outras agrupacións políticas que vostedes ben coñece, as publicacións na prensa escrita e radiofónica teñen como obxectivo por en coñecemento do público as actuacións e actividades que se desenvolven e non buscan ningún retorno. E no relativo á aposta en funcionamento dunha páxina web corporativa, indicarlle que temos unha asignación orzamentaria para a súa elaboración, pero que a Deputación provincial esixe uns criterios de seguridade, senón xa estaría feita. En canto ao sentido da votación, dicirlle que este grupo municipal non apoiará esta moción."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de xente de Dodro, por favor."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: "*Cada quen ten as súas prioridades e as prioridades de Unidade Veciñal é a web. Sobre o gasto de publicidade, pois mire, como todos podemos ver nos decretos que viñeron este Pleno, temos que na Voz de Galicia, se gastan 1.964 euros, na subscrición Sermos Galicia, dúas subscricións, 300 euros cada unha, pero estas xa viñan de antes, é que antes se viñan gastando, cando vostede estaba, vinte e tantos mil euros ao ano, en prensa. Agora temos un novo que é Manuel Pardo Castro, que se gasta 544 euros cada mes, e vostede o que di, é que hai que aforrar esto para metelos na web, na web. Non lles importa a xente que está sen atender en servizos sociais, eso non lle importa. Non lle importa a vostede ter un arquitecto un día semana, pagando polo que costa un todo o mes. Non lles importa que as axudas a escolaridade, volvo a dicir, se repartan cos criterios como se están a repartir, vostede o que quere é reducir á publicidade é dicir, uns vinte tantos mil euros para metelos na web, porque a prioridade para vostede, entendo despois desta moción, que o problema dos veciños Dodro, hoxe en día un problema prioritario a resolver para os veciños Dodro é a web do concello Dodro. Tal cual están os servizos sociais actualmente, pero en cambio, a prioridade é a web. Tal cual están os camiños das nosas aldeas e as carreteras municipais, tal cual está o estado así, pero a prioridade é a web. Bueno, esas son as súas prioridades, as nosas sempre serán os veciños."*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Piden no acordo, reducir ó gasto económico prensa e podían añadir reducir o pago mensual preto de 600€ por redactar ás notas de prensa e as redes sociais, son 7.200 euros ao ano, de aí xa podiamos quitar os mil e pico que faltaban antes para as subvencións dos deportistas. Invertilo nunha páxina web, unha páxina web que xa temos, máis moderna ou menos moderna, pero xa a temos, máis actualizado menos actualizada, si, que a actualizan tarde, mal e arrastro, tamén pero xa temos páxina web. Nada máis que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"A nós parécenos que o corpo da moción, podía estar redactado doutra maneira, non me gusta, digamos o tono, non, non a gramática loxicamente. En canto á redución, por exemplo, que ao mellor si que se pode falar de redución, como di a moción. A páxina web, xa veu aquí ao Pleno, para que o equipo de goberno á actualizara e a puxera ao día, penso que xa é algo que o equipo de de goberno sabe, polo tanto, dubidamos tamén de que haxa ou que se poida reducir o que se paga a prensa tendo en conta o que saiamos ou non saiamos, que non é esa tampouco a finalidade do concello de Dodro, ao mellor a publicación de decretos, a publicación de edictos, de trámites, en función de como se xestión ese tipo de contratos, teremos uns prezos ou outros. Sempre é bo reducir e sempre é bo coller e apostar tamén porque todo o que ten que ver con Dodro, pois que teña un reflexo na sociedade, máis alá dos taboleiros municipais, ou outras redes sociais. Eu creo que a moción habería que reformulada doutra maneira, para que realmente, si houbera unha proxección de Dodro en base ao que é a xestión que fai agora mesmo o concello de de Dodro e o goberno de Dodro, cos cartos que se leva a prense en tódolos eidos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas. Queren último turno o portavoz de Unidade Veciñal?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Con respecto ás prioridades, dicirlle ao portavoz de Xente de Dodro que claro non sabemos tampouco cal é a súa, porque realmente non trouxo nada, nin parece que non trae mocións aquí para aprobar, nin hoxe nin fai dous meses, non trouxo nada entón, tampouco sabemos cales son as súas prioridades, evidentemente. Dicirlle á portavoz do Partido Popular, que debemos ser único concello, non de toda contorna, senón de Galicia, que aínda está con este tipo de páxina, porque ser unha páxina específica que se facía por concellos, creo que a facía a Deputación da Coruña,e creo que somos único concello, senón da de toda Galicia, polo menos da comarca, das comarcas da arredor, que ten esta páxina, calquera profesional, ou que que sepa de páxina web, di que esta páxina non vale para absolutamente nada, basicamente, o único que vale é para entrar na*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

sede electrónica. É par o único que vale esta páxina. Non vale para contidos, non vale para absolutamente, ninguén pode acceder a esa páxina para, na máis par de personas que sepan de programación, pois si non sabes de programación, practicamente non se pode engadir... é difícil, non pode facelo calquera, non pode facer calquera e engadir, engadir temas na páxina, iso non pode facer calquera. Tamén quería preguntarlle ao goberno si realmente eles ben que este gasto de case 20 mil euros que chega esta en prensa e na Voz de Galicia, do que falamos antes, si se ve reflexado, ese gasto, si se ve reflexado en Radio Valga, si se ve reflexado na Voz de Galicia ou na páxina de..., eu normalmente, non vexo este tipo de gastos e o que se lle paga ao o community manager das redes sociais do concello, o que se encarga de elaborar notas de prensa, non sei si se ve realmente reflexado nas páxinas dos xornais, porque eu sigo sin ver, non vexo reflexado, non o vemos reflexado nos xornais, ese tipo de colaboracións ca Voz de Galicia, co Correo Gallego, con Radio Valga, entonces simplemente eso, a ver si o ven ese gasto, si o ven realmente nesas publicacións."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, estamos discutindo unha moción, non atendendo preguntas, en todo caso, a pregunta cando lle toque, formúlea despois.*

Decir que, como moi ben dixo o portavoz do Partido Socialista de Galicia, nas últimas súas tres liñas, dicirlle que estamos traballando na contratación dunha nova páxina web, creo que se deixamos aquí, pero estamos a garda de que a Deputación provincial esixe ultimamente, uns criterios de seguridade específicos, para as novas páxinas web e para o tema dos correos, que teñen que estar solventados antes de 31 de decembro do ano actual. Entón estamos primeiro priorizando a seguridade, visto que pasou en Teo e o que pasou máis concellos, estamos priorizando a seguridade dixital do concello de Dodro, con todos os plans que ten a Deputación e a continuación, cando eso está establecido, pois necesitan as webs unhas condicións específicas de seguridade, será sacada a licitación a nova páxina web, tan pronto sexa posible e agardamos que sexa antes do 31 decembro deste ano. Vamos a pasar a votación da moción."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 7
0 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 1
1 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

13. MOCIÓN DE UVD SOBRE A CREACIÓN E AMPLIACIÓN DE SENDAS PEONÍS

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro, someten a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O concello de Dodro ten unha gran parte de do seu territorio con beirarrúas para asegurar a mobilidade dos peóns ao carón de estradas con circulación de vehículos.

A pasada lexislatura coa UVD no goberno ampliáronse estas beirarrúas nos accesos ao CPI desde Tarrío e na pista que discorre por Eiró.

Esta lexislatura a UVD tamén aposta pola mobilidade segura. Como mostra a proposta aprobada en pleno de solicitar a Deputación da Coruña a creación dunha beirarrúa desde Tallós a igrexa de Laíño.

Tamén a administración autonómica ten que colaborar na tarefa de asegurar a mobilidade a pé ao carón das súas estradas.

Por todo o anterior propoñemos o seguinte
ACORDO:

Solicitar a Xunta de Galicia a creación e ampliación das sendas peonís en distintos tramos da AC-305 que cruza o noso municipio de titularidade autonómica.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

-Da Cancella Abrea a Lestrobe.
-Dende o remate da senda peonil en Salvanxe a Vigo.
-Dende o Muronovo a Imo na marxe sur que dá acceso a marquesiña para o colexio ou ao transporte público de Galicia."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moción da Unidade Veciñal de Dodro, tamén era das antigas do mes de xullo."*

Procede á lectura da moción o voceiro de Unidade Veciñal, Xoán Xosé Vicente Franco

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista de Galicia"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si, imos apoiar esta moción de solicitar á xunta de Galicia a creación e a ampliación das sendas peonís nos treitos da AC-305. No referente ao seu contido indicar que a proposta de ampliación das beirarrúas nos accesos ao CPI desde Tarrío e na pista quen discorre por Eiró, foi do Partido Socialista e apoiada polos grupos de goberno. No tema de solicitar á Deputación da Coruña a dita actuación, figura xa do ano 2019 no programa do Partido Socialista. Finalmente, sinalar que estamos de acordo na solicitude de colaborar na tarefa de asegurar a mobilidade a pé ao carón das estradas da Xunta pero non o fan."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Portavoz de agrupación po agrupación política Xente de Dodro"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, sobre os comentarios vertidos antes, decir que as propostas de Xente de Dodro, están no seu programa , son esas non imos a cambiar. Sobre as cousas únicas que ten este concello, entre outras, vostedes son unha agrupación que apoian sistematicamente a un alcalde que suspende plenos para atender as súas afeccións caninas, eso son cuestións únicas que pasan neste Concello, en ningún outro concello, se lle ocurre a ninguén suspender un Pleno"* [interrompe o voceiro de Unidade Veciñal].

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, Xoán Xosé, está introducindo a súa actuación."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Sobre as sendas, cando se estaba facendo a senda da recta de Tallós, dicía algún que para que? Que ata era un perigo! Ahora resulta que pasan, toda a xente ben andando por aí, toda a xente, pero claro, volvemos ao tema de prioridades, vostedes querían as senda de mobilidade polas brañas, e aí a teñen, aí a teñen, e aí está. O proxecto da senda de Tallós á Iglesia, pero ese non era un proxecto xa de anterior lexislatura?, non foi anunciado xa que a Deputación estaba traballando nese proxectos cando vostedes estaban? Xa vamos para seis anos con ese proxecto e aínda está e agora lle piden vostedes á Xunta de Galicia. A Xunta de*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Galicia responde cando hai un compromiso, agora si vostede quere sendas de mobilidade pola estrada AC-305 e se vai a formigonar pistas de monte, pois mira vai ser que non, entonces a vostede e que non lle importa. Si vostede quere que o señor alcalde vaia en coche ao Santiaguiño, pois entonces non quere unha senda de mobilidade. Se vostede quere unha senda na pista das brañas pola que non agora non pode circular nin bicicletas, nin peatóns, nin coches, pois eso é o que ten, iso é o que ten. Esa senda de mobilidade. Vostede apoiou, 130.000 € que están aí e temos unha senda pintada, pintada, que non serve nin para unha cousa nin para outra, pero eso é vostede, ese é vostede, esas son as súas prioridades, esas súas súas prioridades e vostede, o que pasa, é que non se pode queixar do que fai o goberno, cando vostede ten na súa man, na súa man, cambiar este goberno, pero vostede non quere, si vostede non quere, e vostede o que quere é vir aquí, dicir que quere cambiar e despois non cambia."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Está vostede rematando o seu tempo e quedounos claro. Portavoz do Partido Popular"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Bueno primeiro, no corpo da moción venden, a Unidade Veciñal na anterior lexislatura fixo..., esta lexislatura a Unidade Veciñal propón..., ben. Logo xa lle contesta o do PSOE que foi grazas a eles. Bueno, aquí todos veñen a vender e o outro partido da oposición, di que el tamén fixo. Vamos a vender todos. Eu pregunto: cando vostedes estiveron catro anos no goberno que xestión fixeron para acadar e pedir beirarrúas? Pregunto, despois no último se quere respóstame, porque claro, non acadaron, desta vez, acordo de goberno, entón bueno, vamos a vir a fastidiar aos que están, dicimos que nós vendimos, fixemos e demais, e vámoslle a pedir que fagan esto. Solo lle falta darlles o número de teléfono con quen teñen falar, para que llo fagan, porque están facendo o seu traballo, se non acadan un acordo de goberno, vostede, que fixo nos catro anos que estivo?, que fixo con respecto a estas beirarrúas?, que fixo?, pediunas tivo algunha reunión?, solicitou algo? Porque supoño que sabería que era necesarias, supoñemos eh, mira nós, pensamos que o concello ten facer ás o seu traballo o equipo de goberno ten que facer o seu traballo e non lle vamos a poñer nos o pe e darlle ás ideas, e de paso xa lle damos o número de teléfono, para que pida a reunión a ver se non tardan un ano e pico, como di o señor alcalde, en darlle unha reunión co conselleiro, bueno, non dixo nin co conselleiro, quero unha reunión con educación."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Con calquera, con calquera, bueno, non quero entrar na discusión."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E non é capaz de conseguir que lle ten unha reunión nun ano e pico, un alcalde, Dios mio! Apaga e vamos, de verdade. Non temos nada máis que decir"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Suficiente me parece. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego "*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nós estamos de acordo en en crear e facer o que xa todo o mundo ve, eu creo que non non fai falta que se poña nun letreiro, senda, porque todo o mundo anda polos carreiros, anda polos camiños de pé, de carro e ás pistas da parcelaria, que agora son xa pistas do colesterol, como vulgarmente se lle chaman, eu creo que o que realmente fai falta unha vez que teñamos as sendas é que funcione e que haxa xente para elas, que haxa xente para para poboar Dodro, o que lle fai falta tamén é que haxa unha limpeza eu tememo que é unha vez que consigamos, porque estou seguro que conseguíronse, fora cal fóra o mandato, conseguíronse avances en ese sentido agora temos máis pistas da parcelaria estou pensando nas do monte recén entregadas, e dende logo é unha carga para o Concello, pero desde logo que si, que estamos de acordo, en que fan falta sendas peonís e tamén digamos que rogamos que se poidan manter, ogallá que as poidamos manter todas todas elas"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas , un turno mais portavoz de Unidade Veciñal, turno final"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si, para responderlle aquí, sobre todo á portavoz do Partido Popular que fixemos cando tiñamos no goberno basicamente e porque presentamos esta emoción. Nós non presentamos esta moción para fastidiar ao goberno, de feito, de feito parece ser que van votar a favor, osea, por fastidiar non. E que fixemos cando estivemos no goberno?, cando estivemos no goberno, nós tiñamos área de educación que por exemplo, conseguimos a renovación do CPI e en patrimonio e cultura, foron as nosas áreas que basicamente foi un traballo que consideramos que estudo ben feito e, todo o que fixemos, foi instar ao concelleiro de obras, a que se fixeran basicamente. Nós non tiñamos poder de facer obra, non estabamos, non estamos na concellería de obras nós, basicamente. Simplemente eso."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno eu quería facer unha, antes de pasar á votación, unha frase nada máis. Decirlle ao portavoz da agrupación política Xente Dodro, cando preguntaba polas estado das obras de ampliación da senda, como moi ben aquí o portavoz de unidade Veciñal, da Deputación non?, pois dicirllo portavoz de Xente de Dodro, que vostede foi deputado provincial , nos últimos dous anos vostede estivo alí e non preguntou máis que polos cans alcalde e non sei, catro chorradas e aínda está hoxe sin enterarse de como está o traballo da ampliación da senda da DP-3302, estaba vostede no sitio adecuado preguntar, estivo alí dous anos, non sei como nos enterou, foi unha pena e agora vamos a proceder a votación."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

14. MOCIÓN DO PSdG-PSOE EN RELACIÓN Á SUBA DO CANON QUE OS CONCELLOS ABONAN A SOGAMA POLA XESTIÓN DE RESIDUOS

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"MOCIÓN EN RELACIÓN Á SUBA DO CANON QUE OS CONCELLOS ABONAN A SOGAMA POLA XESTIÓN DE RESIDUOS

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Dodro, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta para o seu debate e votación no Pleno a seguinte proposición en relación á **suba do canon que os concellos abonan a SOGAMA pola xestión dos seus residuos.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

No pasado mes de xuño de 2024 SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do canon para os meses que quedan de 2024.

A consecuencia disto dende o mes de xullo a taxa de SOGAMA aos Concellos quedou fixada en **66 euros por tonelada** suprimindo ademais a rebaixa do 15 % da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.
Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano.
A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.

Neste momento o goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 € , o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e en consecuencia tamén no recibo da veciñanza.
O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7/22, de 8 de abril, de Residuos y suelos contaminados que provoca uns sobrecustos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.

A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).

Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva (cuxa recadación está transferida á Xunta de Galicia) nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo municipal socialista denunciamos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.

E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do canon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.

Dende o grupo socialista mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecustos que unha xestión obsoleta está a producir e a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Dodro presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Dodro insta a

1. Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

2. Manter a anterior bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

3. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.

4. Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

a. Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.

b. Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.

c. Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.

5. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

6. Que se constitúa unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.

7. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade."

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Bueno, como teño dereito despois a un turno de réplica vou dividir a miña intervención en dúas partes."*

Procede coa lectura da moción o voceiro do PSdG-PSOE, Ramón Abuín Gómez.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Un turno para o resto dos portavoces, portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno eu de todo canto dixo, estou de acordo no de malvado señor Sánchez, no resto, ten o don de dicirlle aos outros partidos a súa xustificación."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias pola brevidade. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Compre lembrar que a Xunta opúxose ante a creación do novo imposto do vertido, non me vou a estender moito porque nós temos unha moción parecida, non igual, pero si sobre este tema, o BNG tamén ten unha moción sobre este tema, entón, vamos votar e*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

eu creo que ao final do Pleno, quedará bastante claro o tema. Entendemos que se corre o risco de provocar e todo o contrario, que o goberno central nos suba os impostos, non solo en este etam , si non en todo o demais. Se representaron alegacións ao texto normativo e se lle iniciou ao goberno central varias consultas solicitando aclaracións aos impostos sen recibir ningunha resposta, esto por parte da Xunta de Galicia, e neste sentido, o goberno central , alterou as regras do xogo, encarecendo a xestión, de feito enviste en tecnoloxía máis avanzada, vese penalizado fronte a plantas menos eficientes e respectuosas nas que se valoriza todo o material recibido, de feito sorprende a urxencia que tivo goberno central á hora de aprobar un imposto sobre o vertido e valorización que estableza directivas europeas, pero que ata momento no se puxo en marcha en 18 do 27 países que forman a Unión Europea, entre eles, algúns moi comprometidos co medio ambiente como son Alemaña, Finlandia, ou Suecia, esta realidade vén a demostrar unha vez máis o afán recadatorio do señor Sánchez e do goberno de España. Si o goberno central rectifica e dá marcha atrás nas medidas económicas adoptadas, SOGAMA, de forma inmediata, anula a súa proposta de actualización do canon para o 2025 e ademais queremos eh dicir que xa fixemos público, nas nosas redes sociais, que onte o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou que non van a permitir que se paguen, os veciños que paguen ás inxustas medidas do señor Pedro Sánchez, e si o goberno central, non da marcha atrás con este tema, a Xunta de Galicia, faise cargo do 60% deste aumento, que máis ou menos, veñen os supoñer 40€ no recibo do lixo a cada veciño, así que o 60%, según anunciou onte o presidente da Xunta, vaise a facer cargo a Xunta de Galicia del, e por suposto imos a votar en contra e vostedes deberían de pedirlle ao seu presidente que recule é que de mancha atrás. Nada máis"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de unidade Veciñal"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Nós imos a votar a favor, e solo dicirlle ao Partido Popular que parece que ten o mesmo problema coa goberno de Dodro, porque parece que non tiveron resposta do goberno central, debeu ser tamén que non souberon chamar á porta adecuada, entón, pois puido ser tamén por eso, e nada, imos votar a favor"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Tempo haberá despois para o resto de mocións, para despois clarear realmente cal é o que está encima da mesa. Nós imos a votar a favor de moción"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Última intervención."*

Ramón Abuín Gómez,voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Preguntabamos que vai facer a Xunta co diñeiro recadado? porque non se destina a compensar o sobre custo de SOGAMA e así non estafar aos concellos?*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Recordamos que SOGAMA é unha sociedade mixta, Xunta 51% e Naturgy o 49. Afirmar que a única prexudicada dos accionistas de Sogama é Naturgy e non a Xunta, que as perdas recupéraas ca recadación do imposto. A Xunta consecuentemente, a Xunta prioriza o enriquecemento dunha empresa privada como Naturgy, frente ao empobrecemento dos concellos. Os sobre custos que nos pode deixar o transporte do lixo á planta de Cerceda, evitarías con plantas de proximidade no que se aforrarían os custos de transporte e a continuación que isto supón. Pretenden utilizar o Fondo de Cooperación Local, para compensar esta suba, prexudicando dobremente aos concellos, xa que ademais de verse prexudicados pola suba do canon, vén como o diñeiro cuxo fin e poder facer investimento no seu territorios, vai ser utilizado para compensar esta suba. No canto de aprobar incentivos e axudas económicas aos concellos para a implantación do contedor marrón, ou formas análogas, de xestión dos residuos orgánicos, o goberno da Xunta castiga aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo ese esforzo, para cumprir as esixencias da Unión europea. Polo tanto, desde o grupo Socialista, pedíndolle que rectifiquen esta decisión e comecen a tomarse a política de xestión de residuos en serio porque vamos tarde e non imos cumprir os obxectivos que marque Europa e que nos vai custar sancións millonarias a eses, e pagaremos tamén os galegos, consecuentemente, nós votaremos a favor"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos pasar a votación da moción"*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría Absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

15. MOCIÓN DO BNG SOBRE MELLORAS DO SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Xoán Bautista Mariño Abuín, concelleiro portavoz do BNG na Corporación de Dodro, presenta a seguinte

Moción para melloras do sistema de transporte público por estrada

Exposición de motivos

Desde sempre o BNG de Dodro presenta iniciativas para a mellora dos servizos públicos. Así tiveron boas acollidas e foron aprobadas aquelas propostas que se refiren, coma neste caso, ao transporte público.

O transporte colectivo de carácter público é fundamental para vertebrar o noso país, cumprindo tamén un labor social á hora de democratizar o acceso á mobilidade e garantir que áreas afastadas estean máis unidas.

A última moción do BNG referida ao mal servizo do transporte público para o noso concello foi en febreiro de 2023 e o pleno, por unanimidade das presentes, aprobouna.

Pese a aquela aprobación, en Dodro segue sen estaren cubertas as franxas horarias necesitadas, sobre todo para conectarse coa capital do Sar e con Compostela. De aí as protestas de usuarias que vense obrigadas ao uso privado de vehículos por estrada para acceder a centros de saúde e centros de ensino, sendo a mocidade quen máis se resinte, ou as persoas que van e veñen do traballo.

Ante o incumprimento da Xunta de Galiza das melloras acordadas unanimemente polo plenario de Dodro, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Instar ao Goberno Galego a crear liñas regulares que pasen por Dodro-Lestrobe- Padrón sobre as 8:00 Hs. e outra liña Padrón – Lestrobe – Dodro sobre as 14:30 Hs.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2.- Bonificacións para a mocidade, ligadas ao Carné Xove, para as persoas que excedan a idade máxima da Tarxeta Xente Nova e gratuidade no transporte público para estudantes.

3.- Unificar tarifas no concello para evitar discriminacións."

Procede á lectura da moción o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, Xoán Bautista Mariño Abuín.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, un turno os portavoces, portavoz do Partido Socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Parece que basicamente estamos acordo no de crear liñas regular que pasen por Dodro, en canto ás bonificacións, igual ligalo ao carné de Xove como dis ti, e pedimos a gratuidade do transporte público para estudantes. Non é só unha matrícula universitaria, hai moitos máis gastos para as familias, como ao longo do ano, consideramos que a maior que o importe de matrícula."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro "*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Simplemente para aclarar o de unificar tarifas no concello, a que se refire?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto non é un diálogo, despois explícalle. Remate vostede a súa intervención"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"É que se non, non podo argumentar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois terá que, creo que todos entendemos, non sei, se vostede non entendeu, déalle unha volta."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, vamos a ver, sen darlle unha volta. Mire, esto de que pase ás oito, porque ten que ser? Porque claro, se un vai para Santiago e ten que entrar ás oito, a que hora ten que pasar por Dodro? Por que para as oito, porque para eso colles un autobús ás oito, se tes que entrar na Xunta de Galicia, xa non entras, se tes que ir a unha cita médica, tes que lle decir ao médica, ponma a partir das dez da mañá porque vou no autobús de liña, esto dos autobuses para coller o autobús paro ir ao instituto de Padrón non sei se vai por aí tamén, esto como é? Colles autobús en Lestrobe e baixas na estación de autobuses de Padrón e despois veste andando para o colexio?, ou fas unha parada que ahora non hai?, antes habíaa, na paredilla, onde subíamos todos, porque fai pouco, os autobuses do instituto, resulta que tiña que deixar aos rapaces doutro lado río e iso provocou as queixas da dirección dos colexios, porque non era normal que ti deixes a un*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

rapaz a un menor de edad, nun tramo que ti non estás controlando nin vixiando. O tema do carné Xove, da xente xoven, creo que agora practicamente gratuíta, non soamente o autobús, no tren tamén, está por ver, hai unha subvención que ten que dar o malvado señor Sánchez, que non da dado, están estreando os nosos rapaces por el, pero esto de establecer o horario, eu creo que unha cousa moi complicada, porque cada un ten o seu horario e non sei porque sobre as oito?, non sei a que hora entran a traballa por adiante?, pero ás oito da mañá xa hai que estar en moitos sitios traballando e sobre as dúas e media?, non sei, en que sentido? Para arriba para baixo? a que hora vas comer, ás catro ás cinco da tarde? pois non sei terá que poñer máis horarios. Esto dos horarios, pois non sei, ao mellor igual tes que poñer un autobús aquí para o gusto de cadaquén, pois non acabo entender, se unificar as tarifas e polas paradas pois tampouco veso eu que esto sea unha cousa... esto é habitual en todos as concellos coa distancia, tampouco non creo que este sexa realmente o problema, nin o problema máis acuciante no noso concello. O sea, si, sabemos que hai persoas que usan o autobús, pero hai que dicir que tamén son moi poucas as persoas que son autobús e non creo que esta proposta, veña a resolver ningún tipo de problema"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"O portavoz do BNG, aínda que non viñese ao Pleno, si que tiña documentación e sabía que había unha moción parecida e que quedou sin debater e se ía a debater agora. É un pouco repetir, salvo o segundo punto e o terceiro, que vamos entrar agora. No primeiro punto non sabemos porque establece horarios, a verdade é que o normal é solicitar e adecuar os horarios ás necesidades da veciñanza. Esto de poñer un ás oito porque a vostede lle vaia ben..., home, igual a min, non me vai ben a esa hora, que quere que lle diga. No punto 2, bonificacións, vou a lelo detidamente e voulle a contestar a cada frase que fai porque eu creo que está un pouco despistado neste tema. Di vostede bonificacións para a mocidade ligadas ao Carné Xove, é que mira, o Carné Xove, xa é precisamente para que a mocidade teña eh bonificacións, para que as persoas que excedan da idade máxima da tarxeta Xente Nova e gratuidade no transporte público para estudantes, vamos a ver. A tarxeta e o Carné Xove e a tarxeta de Xente Nova é para mozos e mozas ata 30 anos e vostede pide, ademais, gratuidade para o transporte público para estudantes, home, algún estudante maior de 30 anos, eu non lle digo que nono haxa, que seguramente o hai, pero que realmente eu non sei o que pide aquí, porque actualmente o transporte en autobús é gratuíto para os mozos hasta os 30 anos, os que teñen Carné Xove e os que teñen a tarxeta Xente Nova, salvo que vostede queira que os que temos 59 anos pois tamén sexamos xóvenes, home eu síntome xoven pero bueno, creo que non encaixa aquí, eu creo que se quedou un pouco despistado con este tema. No punto tres, o de unificar as tarifas no concello para evitar discriminacións, efectivamente é un unha reivindicación dende fai anos , eu creo que de todos os gobernos que houbo en Dodro, e eu voulle a repetir o mesmo. Vostede formou parte do equipo de goberno hasta o ano pasado, supoño que faría xestións en este tema, non acadaron nada e nós imos a apoialo, unha vez máis, que por pedir que non sexa,*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

e a ver se de unha vez se consigue que unifiquen as tarifas dunha vez. Imos a apoiar a moción, desde logo"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Por mocións que non sexa, evidentemente, está xa é a cuarta me parece senón conto mal, xa é a cuarta moción que traemos aquí en menos dun ano, ou sexa que, é a última... bueno xa non é a última xa é a antepenúltima, foi a de Unidade Veciñal en novembro ano 23. Eu creo que é o momento de pasar a acción, si con catro mocións non nos fan caso, eu propoño, doulle unha idea ao goberno, e a Unidade Veciñal colabora con eles, de contratar unha autobús, enchelo de xente, da xente que queira ir e presentarnos na porta do responsable co alcalde, alí, a ver se nos reciben. Basicamente, se as mocións non funciona non nos fan caso, ao alcalde non lle collen o teléfono, pois haberá que ir alí, imos todos, e a ver se así , chamándolle á porta entre todos, nos atenden, é unha idea que lle dou ao grupo de goberno. Imos votar a favor"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Grazas. Un turno ao Bloque Nacionalista Galego"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Imos ver. Primeiro, anunciar ou dar as grazas polo anuncio que fan algúns portavoces de aprobar a moción que efectivamente o BNG vaina a volver a traer aquí as veces que faga falta eso por un lado, e outra, non se trata de cambiar ningunha liña, trátase de reforzar as que hai, porque hai liñas anteriores ás 8:00 da mañá, hai xente que madruga, efectivamente hai xente que madura, pero hai xente que non sabe o que é madrugar, polo que se acaba de escoitar aquí por parte dalgún portavoz. Tampouco algún portavoz sabe o que son os prezos do concello, non sabe o que é un transporte público e é ben que aínda que non o utilice, ou que o utilice, tamén que pregunte, que se interese, e desde logo, si que pasamos a acción porque nós, o BNG, anunciamos desde aquí que apoiamos a recollida de sinaturas que se está levando a cabo para reforzar, unha e outra vez, as mocións. A ver se así, a Dirección Xeral de Transportes fai caso, porque é realmente ela a que ten a última palabra. Porque non é soamente ir ao Instituto de de Padrón, non é simplemente ir a ao Macías ou ao Camilo Jose Cela, é tamén, poder chegar a tempo ao mellor para coller o tren, ou para coller outro tipo de combinacións. Non é soamente unha cousa que vaia única exclusivamente para Dodro, beneficia a moita máis xente e ademais, hai que recordar que na Costa da Morte, xa conseguiron isto, veu a Pleno, houbo recollida de sinaturas seguramente, non o sei, non o podo confirmar agora mesmo pero conseguiron que ese transporte que demandaba, sobre todo, a xente xoven, fóra adiante, agora mesmo teñen ese transporte que a xente reclamou, polo tanto, unha vez máis, agradecer o apoio aqueles portavoces que están coa veciñanza de Dodro que o necesita e recordarlles que están abertas aí as sinaturas que ten a xente para ir, aldea por aldea, para que apoien coma nós, desde aquí do Pleno está reivindicación."*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, vamos a proceder á votación"*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría Absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

16. MOCIÓN DO PP EN RELACIÓN A SOGAMA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE DODRO EN RELACIÓN A SOGAMA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados deste ano, a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) procedeu a actualizar o canon de 2024 tralas medidas aplicadas polo Estado no marco da *Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular*, como, por exemplo, os impostos ao vertido e á incineración. Uns tributos que representaron o pasado ano unha contía de 9,1 millóns de euros

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

que a empresa pública soportou cos seus propios recursos, apoiando aos concellos para non
gravar as arcas municipais.

Ademais, a través dunha orde ministerial, publicada a mediados de 2023, o Goberno central suprimiu a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, comprometida ata o ano 2026, momento no que finalizaría a súa vida útil, e diminuíu a retribución á explotación da planta de coxeración, ademais de recuperar o imposto eléctrico do 7%.

Durante o período de exposición da lei estatal de residuos de 2022, a Xunta de Galicia presentou alegacións á implantación dos novos impostos, ao tempo que pediu á Fegamp que as secundara, facendo esta oídos xordos á solicitude trasladada polo Goberno autonómico.

Se ben o Estado e o propio partido socialista escúdanse no argumento de que a aplicación dos impostos ao vertido e á incineración obedece á transposición dunha Directiva europea, o certo é que, na actualidade, a práctica totalidade dos países europeos non instauraron estes tributos.

De cara a 2025, procedeuse ao anuncio de que Sogama prevé establecer unha nova actualización do canon, dada a intención do Estado de dar continuidade a estas medidas. Isto suporía que, dunha media de 66 euros/tonelada que os concellos abonan este ano, grazas á aportación da Xunta, a través dun Fondo de Cooperación Local (FCL) adicional de 12 euros/tonelada (do contrario, serían 78 euros/tonelada), o canon de próximo exercicio ascendería a 108 euros/tonelada.

Por todo isto, **o grupo municipal do PP presenta as seguintes propostas de acordo:**

1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.

2.- Esixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ato o final da súa
ida útil (2026).

3.- Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025.”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Seguinte moción, do Partido Popular de Dodro sobre o tema de SOGAMA”*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Beuno, repetimos tema, así que vou ler a moción e pouco máis, bueno, algunha cousiña direi, porque e non.”*

Procede coa lectura da moción a voceira do Partido Popular,María Soledad Boga

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Grela.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Reiterarme no da moción presentada polo noso grupo municipal e aquí, o que se ve, o malvado, entre comiñas, Sánchez e todo o que, pero en cambio, o santiño, que seguramente irá ao ceo, de Rueda, aí non, el todo, todo, todo todo o fai ben. Loxicamente nós, ou Grupo Socialista, vai votar non"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"A verdade é que o señor Feijóo, ao mellor, santiño, santiño, non é, pero o malvado Pedro Sánchez é moi malvado. Nós imos apoiar esta moción porque o señor Sánchez pois non merece estar aí, a verdade é que o que está facendo vai en contra dos intereses de este país e despois das palabras que dixo outro día, pois mira, é que non merece estar ningún minuto máis, como presidente do goberno"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Ah, bueno, non sei, Pedro Sánchez, estaba eu pensando en que país estaba en contra, simplemente. Bueno, nós esta moción non a ims a apoiar porque claro, aquí todo o que pasa en Galicia, e todo o malo que pasa de é da Xunta, ou da Xunta, é do e do Goberno Central, basicamente. A Sanidade tamén é do Goberno Central, todo o que pasa aquí que o PP non é capaz de resolver é do Goberno Central, entonces basicamente nós non imos apoiar para acabar rápido."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nós non vamos a apoiar un modelo de SOGAMA que está realmente obsoleto e totalmente antiecolóxico, tendo en conta ademais, a Axenda para o Desenvolvemento Sostible do ano 2030, que está facendo ou mirando para buscar o tipo de de de,solucións e temos que a de SOGAMA fai augas por tódolos lados e non hai visos de que á Xunta queira e facer algo en ese sentido,soamente botar balóns fóra, polo tanto, a min paréceme totalmente non sei como describir a moción, porque a xente vai a ter que pagar máis, esa a realidade, e vai a ter que pagar máis se esto vai adiante, non porque veñan cartos de aquí ou de alá, vai a ter que pagar mái, porque é un modelo, repito, obsoleto de incineración co cambalache entre Xunta e a empresa que ten enerxía eléctrica a través de SOGAMA, vai a que pagar máis cada un dos veciños e vamos a ver como non se cambia e se modelo e eu recordo, recordo agora mesmo que non hai moito, o concello de Dodro, apostou por un humilde, diría eu, cambio nos residuos que é a*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

compostaxe, bueno, pois eso é unha das cousas mínimas que pode facer un concello como a como de Dodro, pero hai outras opcións, que si están aí, que si se recomendan, desde a ONU, como a Axenda que acabo de citar, e polo tanto, non podemos estar de acordo con este modelo totalmente antiecolóxico e que vai en contra dos intereses económicos da veciñanza."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, un peche, un pouco para respostar . Unidade Veciñal di que a culpa é da Xunta, pero eu pregúntolle, e a vostede os impostos que nos pon o señor Sánchez, está de acordo con eles, entendo, non?, segundo as súas declaracións. Os impostos que que marca o señor Sánchez, con ese afán recadatorio, vostedes están totalmente de acordo. Está en contra da Xunta de que pague parte, para que aos veciños non lles supoña tanto costo, pero de que poñan imposto esta de acordo, ben. Xa sabemos que se volven gobernar o que van a facer é poñer impostos como fan dende Madrid e o BNG, din que non, acaba de decir, non vemos visos de que a Xunta queira facer algo. Bueno, e logo parécelle pouco que a Xunta vaia a costear o 60% desa suba?Eso é non ver visos de que a Xunta vai a facer algo, pois non sei que pretende vostede, igual vostede quere pagar o 100%, o Bng, si quere, nós estamos encantados solo ten que falar co seu socio de goberno Madrid, a quen vostedes lles deron os seus apoios, a cambio de nada, e non temos ningún problema. Volvemos a repetir que é unha imposición do goberno Central e do afán recaudatorio do señor Pedro Sánchez, que ademais prexudica no solo a SOGAMA, a quen máis prexudica é aos concellos e á veciñanza. Si o Goberno Central rectifica SOGAMA vai anular a proposta da suba. Señores, hai que ser coherentes, non ten máis historia, vostedes que queren? que os veciños paguen máis? Voten en contra da moción, nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, vamos a pasar á votación xa directamente."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

17. MOCIÓN DO BNG PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Xoán Bautista Mariño Abuín, concelleiro portavoz do BNG na Corporación de Dodro, presenta a seguinte

MOCIÓN PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros e a incineración e coincineración de residuos, articúlase como un tributo de carácter indirecto estando vixente en varias Comunidades Autónomas desde hai anos.

A cesión da recadación deste imposto, pode permitir ás Comunidades Autónomas, - no exercicio da súa autonomía financeira-, incrementar o financiamento destinado a medidas de mellora da xestión de residuos que reforcen as opcións prioritarias fronte ás menos sostibles.

A través da Lei 36/2022, do 27 de decembro, pola que se modificou a Lei do Réxime de Cesión de Tributos do Estado a Galiza, materializouse a cesión do referido Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos. Como consecuencia, na Galiza tense previsto ingresar en 2024 a cantidade de 12.150.039 de euros.

A Comunidade Autónoma de Galiza detraeu desta participación dos concellos galegos, entre outros, 12,1 millóns de euros para a creación do Fondo Ambiental, que supostamente é a achega que realiza a Xunta de Galicia para minorar o canon por incineración e vertedoiro. Mais a realidade é que esta achega é realizada polos propios concellos ao ser detraída do seu sistema de financiamento.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Este ano produciuse unha situación excepcional, derivada de que a Consellería de Medio Ambiente non determinou nos orzamentos 2024 o prezo por Tonelada a aboar polas entidades locais, e non publicou a resolución anual pola que se aproba a proposta de revisión do canon unitario que percibirá SOGAMA pola xestión de residuos domésticos ou urbanos no ano 2024. Agora, a estas alturas do ano 2024, SOGAMA propón fixar un canon medio de 78 euros por tonelada (68,05 euros de xaneiro a xuño e 88,05 euros de xullo a decembro).

SOGAMA, a través dun escrito remitido á Fegamp, e nunha información elevada a todos os concellos, anunciou que a Xunta de Galiza achegará 9 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local adicional, co fin de minimizar o impacto da medida sobre as entidades locais, polo que o canon final sería de 66€/Tonelada de media anual.

A Fegamp, como entidade asociativa máis representativa das entidades locais, formulou alegacións manifestando a súa oposición á suba do canon.
Resulta paradoxal que, sendo o Goberno do PP no seu día o que preveu, coa creación de SOGAMA, unha xerarquización nas opcións de tratamento dos residuos, que preferiu optar pola incineración con recuperación de enerxía e non incluíndo o tratamento da compostaxe, considerada alternativa pese á oposición de moitos, sexa agora o que se beneficie dos ingresos do imposto que penaliza esta opción.

O modelo de SOGAMA foi e é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras denecesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

Para evitar esas perniciosas consecuencias para o concello, o Grupo Municipal do BNG de Dodro propón ao resto da corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a:

a) O reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional. Utilizando como criterio de reparto o do número de toneladas depositadas por cada concello. Pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraída do FCL.

b) A achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 de euros, para implementar bonificacións no Canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

c) A creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto con lector, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pasamos á seguinte moción que é a número 17, do BNG tamén sobre tema do SOGAMA, xa estamos feitos uns expertos en SOGAMA. Portavoz."*

Procede coa lectura da moción o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, Xoán Bautista Mariño Abuín.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Un turno aos portavoces. Portavoz do Partido Socialista de Galicia"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:*"Basicamente como a presentada polo grupo Socialista. Vamos s apoiar esta emoción tamén."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do grupo municipal Xente de Dodro "*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Eu volvo a decir que esto é culpa do malvado señor Sánchez, e que esto se arregla votando rapidamente. Eu creo que a moción, o que tiñamos aquí, coller autobús, ir en Madrid coller ca pancarta e decir, fóra Sánchez dunha vez, e creo que, presionando deste xeito, acabábase cos problemas deste país. Nada máis"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Creo que a nosa postura está claramente definida, xa ca a nosa moción, así que, imos a votar en contra"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal "*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Dios o pague!.A última sobre SOGAMA, creo non hai máis, non?. Imos a votar a favor desta moción, estamos totalmente a favor. Nada máis que dicir"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois un turno ao portavoz*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

do BNG."

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, nada, brevemente dicir que aquela persoa do Pleno que vai a votar en contra desto, vai a votar que a xente paga máis, porque o que está claro, é que non hai maneira de que a Xunta cambie. A Xunta non é cambiar de que si veñen cartos, non estamos falando dun modelo de xestión de residuos que non quere, claro está participada SOGAMA, pola Xunta e a saber quen también hai detrás e evidentemente fixeron malas contas, saíronlle mal e agora alguén ten que pagar, entón velaí o problema, esa esa é a realidade, hai que pagar máis, é o que di a Xunta, porque non se pode, agora mesmo cambiar, porque non se pode, non quere, cambiar desde a Xunta, o modelo de tratamentos de residuos ,que si o fixo, humildemente como dixen antes, o BNG, o goberno de Dodro, no anterior mandato."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a proceder á votación"*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría Absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pasamos agora na Acta, na convocatoria, na orde de sesión do día, falta punto C2, que serían as mocións urxentes, pero non hai ningunha."*

C.2) MOCIÓNS URXENTES

Non hai

D) CONTROL DO GOBERNO:

18. ROGOS E PREGUNTAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pasamos ao punto 18 rogos e preguntas e hai do Pleno de xullo varias preguntas, empezamos por a pregunta do Partido Popular."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Os rogos, non van antes?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdoa, si. Desculpas, tiña tantas ganas. Rogos escritos non hai ningún, rogos orais. Portavoz do grupo municipal Xente de Dodro."*

<u>Rogos escritos:</u>

Ningún

<u>Rogos orais</u>

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Non, eu co do autobús hasta Madrid, xa me quedei."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *Portavoz do Partido Popular, algún rogo oral?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non temos rogos orais."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Unidade Veciñal, algún rogo oral?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si, nós temos un rogo oral que nos solicitaron os veciños de Teaio. A instalación a de redutores de velocidade, na pista de entrada a Teaio desde a cruz de Avelán, despois dos xa instalados por algúns vehículos, unha vez pasados, pasados estes, aumentan a velocidade de xeito temerario co perigo que esto supón para os, para os veciños."*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Grazas."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: "*Teño outro máis, se pode ser."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: "*Unha cousa rápida. Que se esixa á empresa de xestión e recollida de vidro, a renovación dos contedores de vidro, se é o caso, xa que a maioría deles está nun estado lamentable, e un exemplo claro é o situado e en Pexegueiro, onde o vidro está tirado polo chan, rodeando o propio contedor e que foi avisado varias veces a través do servizo do concello, Liña verde, sen contestación tamén. Tamén se lle, que lle esixan a esa empresa, a limpeza dos espazos onde se instalan, pois algúns representa un perigo polos vidros tirados arredor dos mesmos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tomo nota dos rogos e posiblemente lles contestarei, en un par de días, de xeito puntual. Grazas. Pasamos ao apartado de preguntas, perdoa, faltábasme ti."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Ante innumerables peticións por parte da veciñanza de Manselle a este grupo, así como ao propio Goberno, segundo nos comentan, para a instalación dun parque na aldea, rogamos ao Goberno que fale coa veciñanza, para acordar un sitio onde localizalo e poñer, dunha vez por todas, un parque nunha das aldeas que sempre o reclamaron."*

<u>Preguntas escritas:</u>

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas. Creo que non falta nadie máis por rogos. Vamos á parte das preguntas escritas, son primeiro as do Pleno anterior, que bueno, están aquí, non sei se as queren ma manter ou non, están postas exactamente as preguntas, digo por si alguén quere retirar algunha.*

Por favor, a primeira unha pregunta do Partido Popular, sobre: o sevizo de urbanismo sigue funcionando mal."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"O servizo de urbanismo sigue funcionando mal e con moito retraso, son algunhas queixas que nos fan chegar algúns veciños e veciñas. Esta pregunta foi presentada para o pleno xullo, en ese día queriamos preguntar por unha solicitude de licenza para unha alpendre de máis dun ano e que a día de hoxe, en aquel momento, no mes de xullo, aínda non se concedeu, pero tamén podemos dicir que a día de hoxe tampouco, 12 de setembro, tampouco está concedida,o propietario da parcela con referencia catastral: tal, solicitou solicitou licenza para facer unha alpendre anexo á súa vivenda, con data 16 de maio de 2023, co número de rexistro 162 e despois de falar, en varias ocasións, co arquitecto municipal e seguir as súas*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

indicacións. Con data 21 de gosto do 2023 e número rexistro 1818, aportou ao expediente a cesión dos terreos, non solicitándolle ningún documento máis. Posteriormente, e toda vez que o concello de solicita, que se lle puido solicitar bastante antes, dito sea de paso, aporta os permisos de Augas de Galicia, con data 3 de xaneiro deste ano e co número de rexistro de rexistro 6, o dos números de rexistro son por se me decían que non tiñan constancia, despois o propietario púxose en contacto co arquitecto municipal, para sa estaba completo expediente e unha vez revisado por el, manifféstalle que non consta a documentación aportada anteriormente da solicitude da licenza, da cal, o propietario ten copia dos seus rexistro. Ante este cúmulo de despropósitos e deixadez, por parte do concello, volve a presentar novamente, con data 15 de xaneiro, toda a documentación, con número de rexistro 84, o proxecto da obra, a autorización de lindeiro, a autorización de Augas de Galicia, copia da solicitude de licenzas realizada en maio de 2023, a dirección de obra, plano de cesión de terreno etc etc Reiteramos solicitude de permiso da obra. Con data 10 abril, e non tendo aínda información da concesión do permiso, volta a falar co arquitecto municipal, que está traballando no concello nese momento, e unha vez que revisa de novo o expediente, confírmalle que está todo o correcto, que xa lle poden dar licencia, que o vai a pasar para que se aprobe na Xunta de Goberno Local. Isto dillo o arquitecto municipal o día 10 de abril, estando xa no mes de xullo, de xuño, recibe unha chamada do concello, no que lle din que teñen arranxar un pequeno detalle da licenza e que por iso aínda non lle deron o permiso, estando xa no mes de xullo, máis dun ano despois de solicitar a licenza, e debido á desidia por parte deste concello, xa que non acabamos de entender, como se pode perder todo un expediente, un expediente completo unha solicitude dunha licenza, que entrou por rexistro, do cal o veciño ten copia de todo, salvo que sexa unha demora intencionada, claro, ou como se pode tardar máis dun ano en conceder unha licencia para facer cun alpendre. Entendendo, aínda menos, que cando o goberno local lle interesa, emiten asombrosamente rápida, ás licenzas. Antes de facer a pregunta, podo dicir, que a día de hoxe, verifiquei que ese veciño voltou a chamar ao concello, concretamente a semana pasada, e dixéronlle que os papeles que voltou a entregar en agosto, tiene que verlos el arquitecto municipal antes de entregarlle la licencia, pero que está de vacaciones, entonces hasta que volva das vacacións, non os vai a ver e a ver si despois lle damos a licenza. Con lo cual, están un pouco xa desesperados de este despropósito do cal temos copia por si o o equipo de goberno non ten coñecemento ou me vai a dicir que non tal, e bueno, a ver se facendo a pregunta apuran un pouco a licenza, preguntamos: van a mirar o expediente de licenza e darlle o permiso ao propietario neste mes, poñíamos de xullo, agora vamos a poñer de setembro, ou vai ter que esperar outro ano máis hasta que volvan a perder o experiencia de novo?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vaille contestar ao concelleiro responsable do servizo porque é un tema..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: "*Peliagudo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, peliagudo en absoluto,*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

longo."

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"É curioso que a queixa dos veciños que vaian a usted, precisamente."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Home, aquí viñeron moitas veces."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: "*O normal é que sea a persoa interesada no expediente, e que contase cos informes técnicos, voulle recordar como é. Eeste señor nesa referencia catastral, primeiramente, primeiramente, fixo, digamos un tipo chabola, dice que era, aproveitando o pagamento da súa vivenda, co do camiño ou a estrada municipal que baixa, incumprindo a normativa dende que non tiña o recuado suficiente do outro, unhas chapas de uralita e xa estaba, presentou unha comunicación previa, e foi o arquitecto, non o está actualmente, se non outro, creo que foi Orando, pero non sei, acudeu a ver a obra e díxolle: "mira esto es una licencia de obra mayor" primeiro..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E que eu estoulle falando dunha solicitude de licenza, non dunha comunicación previa, e que si remontamos a decembro do 2022."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto non é un debate. Por favor. Agarde á contestación"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: "*Todo ven enlazado, sabe vostede que esto está a 50 metros, ou menos de 50 metros dun regato, nunha zona, que tamén a parte, forestal."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Aportou os permisos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non interrompa."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Á parte os permisos chegaron cando chegaron, e díxolle moi ben, hai outra cousa, unha licencia de obra maior require require unha cesión de terreos, unha parte de terreos ao Concello, que eu sepa, ese trámite non se consegiu, mentres deso nada, e non se preocupe, que cando conte con todas as autorizacións sectoriais, informes e todo, pasara á xunta de Goberno e a xunta de Goberno daralle ao visto bo."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"A ver se é antes do 30 de setembro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. A seguinte pregunta tamén é do Partido Popular, tamén."*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Varios veciños e veciñas da aldea de Bexo, solicitaron en distintas ocasións, un paso de pións na estrada nesa aldea, un deses veciños falou personalmente co alcalde, en catro ou cinco ocasións, ou eso nós manifesta, solicitándolle este paso de pións, o cal, ademais é moi necesario nalgún tramo da estrada, como pode ser á altura do taller de aluminio que hai nesa aldea e que xa é unha baixada con moi pouca visibilidade. O alcalde, en todas as ocasións, segundo nos manifestes este veciño, respóstalle que está enriba da mesa e que non se esquece diso, pero disto xa vai máis de dous anos. Non vemos ningún avance en este e moito menos, vemos o paso de peóns polo cal preguntamos, que tramites realizou o alcalde e este tipo de goberno para a colocación deste paso de pións en Bexo? e si pode dicirnos cando se instalarán?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a ver, esta pregunta é do mes de xullo?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Segundo a pregunta que fai vostede na introdución, fala de catro ou cinco ocasións e despois de repente fala de máis de dous anos, non sei exactamente de onde saca os dous anos porque das conversacións eu non me lembro de dous anos ou non. O alcalde o que fixo foi encargar unha petición."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non se acorda."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non se acorda non, tranquila, téñoo aquí"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Ah, vale. É para contestarlle ao veciño"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O alcalde, o que fixo foi, empeza así a miña dicción, o alcalde que fixo foi, elaborar un informe, encargar un informe a Estudio Técnico Galego, envialo á AXI e a AXI contesta os seguinte: o 6 do 3 do ano 2023, recibiuse unha escrito do concello, por certo se o veciño houbese vido aquí, houbéselle contestado isto ao veciño"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Falou con vostede persoalmente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno poi eu teño esta contestación desde o día, desde abril do 2023."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pero se non lla dixo."*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois será porque eu tiña, eu creo que llo dixen, pero bueno, é que hai moitos veciños en Bexo e igual o que falou con vostede non é no que falou comigo, e que estamos aquí interpretando as cousas de tal, esto non é un debate. En todo caso deixeime contestarlle. Solicitude dun paso de peóns nunha estrada autonómica AC 306, o 6 do 3 do 2023, osea, en marzo de hai un ano, recibiuse un escrito no concello, no que solicitaba a instalación e sinalización dun paso de unha estrada autonómica AC-306 , a altura do punto quilómetro 0+745 e eso enténdese a parte de abaixo de Bexo, coa finalidade dar conexión a núcleo de Bexo coas diferentes rutas e sendeiros naturais. A normativa de sinalización para a instalación de novos pasos de peóns, e á Orde circular 1/2008, de sinalización horizontal e limitación de velocidade en treitos urbanos e pasos de peóns, segundo esta normativa, para sinalizar un paso de peóns, ademais de descorrer por un treito urbano, se teñen que cumprir os seguintes condicionantes, que a velocidade de circulación na estrada non sexa superior 50 km por hora. Seguinte punto, punto que se cumpran as condicións de visibilidade de parada que esixe no apartado 3.2 da norma 3.1 IC para circulación na estrada, que o treito conte con beirarrúas, que sexa restrinxido o aparcamento non lateral da calzada 10 metros antes do paso, en cada un dos sentidos de circulación e que o paso conte con iluminación. Logo de analizar as condicións da estrada nese punto, cunha velocidade de treito de 70 km por horas, sen beirarrúas, con iluminación só na marxe dereita e cunha soa marxe en treito urbano, compróbase que o treito non cumpre con estas especificacións, a sinalización debe entenderse como unha axuda á circulación que facilita o bo uso dar rede de estradas pero que ningún momento poden considérase como unha garantía de seguridade. O paso de peóns é unha das sinalizacións máis controvertidas, canto menos compacta sexa zona urbana é máis complicado que o condutor comprenda o treito polo que descobre así, é frecuente o atropelo en pasos de peóns polo exceso de confianza destes, xa que teñen preferencia fronte á falta de percepción e atención produto. Á vista do exposto, informase de que a súa solicitude de sinalización dun paso de peón preferente neste punto, por motivos seguridade é non viable na Coruña, a xefa de xestión técnica, de todas maneiras, dareille unha copia."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E pideu en outro punto?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdón?*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pideu o paso de peóns en outro punto?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"En todo ese tramo non se pode poñer, porque se vostede entendera, xa lle vou a dar unha copia, para que analice que en ese tramo non se pode poñer en ningún punto, voulle dar unha copia despois. Seguinte pregunta, creo que é a de Rebeca Rial e Xoán Xosé Vicente a número 4 o PXOM."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Non*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

primeiro é a outra."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A vale gracias, e esta."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"A do ano de goberno."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"A do mes de xullo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, a tres."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Non foi o pasado mes, como di aquí a pregunta escrita. Xa hai máis de un mes. O pasado mes cumpriuse un ano do goberno do PSOE de Dodro en minoría, en este ano deixáronse de facer as seguintes actividades e funcións do goberno entre outra, non se fixo o Samaín, despois de moitos anos, tampouco se fixo o magosto, que se facía todos os anos, non se convocou un Mini premio Eusebio Lorenzo Baleirón, que levaba 2 anos convocándose, en 2021 e 2022, non sabemos se este ano o convocarán, creo que xa non. O Apalpador non foi polas escolas unitarias, como se facía nos últimos anos. Por primeira vez, non se fixo o concurso de entroido, que fixo que asistencia ao desfile foron moi pouca. O Programa de Madrugadores, aprobado por todos os grupos municipais nunha moción da Unidade Veciñal de Dodro, fai precisamente unha estes días, non se implantou nada máis que nunha escola e non foi na de Lestrobe, como o dixo o goberno, co problema que pode ter estas escola, este ano precisamente por non ter servizo madrugador, pode pechar por falta de matrícula. Non se fixo difusión pública e este ano non sabemos se vai a haber este servizo nalgunha escola. A sesión do Festival Atlántica, que a súa exixe, non se levou unha soa actividade cultural fóra da casa da cultura, as aldeas volven a quedarse sin actividades culturais, como cando gobernaba o PP . Non organiza O Festivalo, como nos últimos anos, no que formou parte do goberno a Unidade Veciñal de Dodro. Dodro volvería a ser único concello da comarca que non ten un festival de música. Non se actualizou Plan de Igualdade dende fai case dous anos, ao parecer por non estar recollido nos orzamentos, segundo o alcalde. Non están aprobados os orzamentos do ano 2024, polo que o concello non pode facer inversións en obras, en compra de materiais e en moitas actividades que necesitan para a súa aprobación. Non se fixo ningunha actuación no patrimonio cultural de Dodro, de información turística, etc . Tampouco se continuou coa posta en valor do Castro de Traxeito, cun proxecto redactado por parte dunha empresa de arqueoloxía que debeu quedar por aquí, nun caixón. Non se continuou co proxecto medioambiental da senda do río da Regañada en Teaio, con todos os permisos sectoriais de augas de Galicia e de patrimonio conseguilos, e co proxecto redactado e presupostado. Non se fixo un cambio de luminaria no campo de fútbol de Chenlo, aprobado en pleno municipal a iniciativa de Unidade Veciñal de Dodro, fai un ano xusto. Non se conseguiron aprobar a relación de postos de traballo, nin aí noticia de que se estea a traballar nunha nova. Ante todo o anterior, pode dicirnos cal foi un motivo polo que non se fixeron as actividades e proxectos anteriores?"*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Voulle contestar eu. A pregunta relativa ás actividades e proxectos que se deixaron de facer, hai que indicarlle, que pode observalo vostede mesmo, que en realidade consta de 14 preguntas variadas é os motivos son distintos uns doutros, para resumilo nunha soa concentración. Seguindo ao establecido no ROM, debe cinguirse a unha soa en concreto, tendo en conta que xa teñen presentado dúas máis por escrito, as outras poderán presentalas verbalmente, dentro do límite establecido, así que, si pode presentar esa verbalmente, contestarémoslle á aparte das que sexan, ás 14."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Hai una pregunta sola."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:*"Unha pregunta sola?*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"É unha pregunta sola, o resto é o desarrollo da pregunta."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Deixáronse de facer as actividades."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Por que non se fixeron os proxectos e actividades"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Xa está contestada. Gracias"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:*"Osea, que non se fixo nada."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Siguiente pregunta por favor, siguiente pregunta ."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Seguinte non? No Pleno de setembro de 2023, aprobamos unha moción na que instamos ao equipo de goberno a iniciar un proceso de modificación do PXOM de Dodro, para incluír la zona da Revoltiña como núcleo rural, a corrección de erros, entre otras. A día de hoxe, e despois de nove meses, once xa, pode decirnos que trámites se fixeron ante os diversos organismos e como vai o proxecto de modificación por parte da empresa encargada de la mesma?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto vouno contestar eu. A ver, en setembro do 23, xa contestaron esta pregunta, encargouse á empresa Estudio Técnico Galego, pero temos un problema, que é que vai ser unha, como se di? un contrato menor que rondará os 12.000 euros e entre a prioridade de modificacións de, como moi ben vostede dixo, de modificacións de crédito, estamos facendo, iniciamos a nova RPT e esto posiblemente se presente, si*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

somos capaces de xuntar os 15.000 euros, una nova modificación de crédito, para sacar a contratación. Non se pode facer, non pode facelo a empresa que ten, digamos asistencia técnica, porque este tema este, tema de como se di? Direino, de modificacións de PXOM, non están contemplados no contrato entonces, esto hai que hay que xuntar os 15.000 euros."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Máis os do Plan estratéxico"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Hai que ir por prioridades."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*" Vai ser va a ser así. Seguinte pregunta. Unidade Veciñal."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Ten tres, Acondicionamento dos viarios para o fomento da mobilidade."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si esa. Nestes pasados días realizaron sus obras de acondicionamento do viario para of fomento de mobilidade de sostible para o concello Dodro, que non sabemos se están rematadas, aínda non se sabe. Esta obra estase facendo con fondos da Deputación A Coruña, gracias a subvención nominal feita en 2019 que se licitou, por parte do concello, en setembro de 2023, catro anos despois cun importe total 129.639 euros. Segundo o proxecto, ada a elevada afluencia de ciclistas e co fin de xerar unhas condicións de circulación máis cómodas, disporanse unhas franxas nas marxes sen elevar, para o paso das bicicletas, estas marxes teñen que ser de un metro, segundo o prego das condicións técnicas, estas marxes, non existen en practicamente todo percorrido do viario, a excepción de 400 metros do futuro polígono industrial de Fesba en Salvanxe, fai falta un ser un ciclista ben experimentado para poder circular por esas marxes, en muchos sitios inexistentes, tamén para os peóns, segundo o prego de condicións técnicas, tamén se executarán 21 redutores físicos de velocidade para os automóbiles tipo Lombo de asno en formigón hb-20 e disporanse dunas franxas nas marxes sin elevar, para o paso das bicicletas, cun ancho de catro metros. Pois ben os construídos nos viarios, teñen bueno, estamos falando de hai 2 meses, agora para esto un xa o cambiaron claro, teñen escasamente dos metros de ancho e son de material asfáltico en vez de formigón, o paso das bicicletas faise polo medio da vía, en vez de polas marxes, como como prego. Esto leva a que os ciclistas teñan que abandonar a suposta marxe e pasar polo centro enfrontándose aos vehículos que veñen de fronte, esto en principio xa o corrixiron, a canalización soterrada de 400 metros para o alumeado estase a facer, ou xa sse fixo, dentro da cuneta de evacuación de aguas, polo que parece que quedará inutilizada debido a la instalación de luminarias, segundo as obras que se ven, non parece que van a quedar moita canalización de pluviais nestes tramos, en resumen, una obra de case 130.000 euros que tería que fomentar a mobilidade dos peóns e dos ciclistas, e que non parece que o poida cumprir polo xeito de como está construída, sen adaptarse ao proxecto técnico. Vai certificar*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

esta obra o goberno, tal como está? Ou vai a esixir á empresa que cumpra co prego de condicións técnicas? o tema dos redutores de velocidade modificárono e metéronlle uns regos para que pasen as bicicletas, bueno, para que pasen ou para que non pasen, porque os que intenten pasar por aí, poden caer perfectamente. Entonces, queríamos saber si van a seguir así o van a modificalo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Contesto á pregunta. Pois ao concello, o goberno non certifica obras, as obras certifícaas o director de obra e ata que esto estea, ten unhas marxes no seu traballo de certificación, é un enxeñeiro responsable e cando eso estea, cando eso estea de acorde o director de obra, o concello pagará a subvención, mentras non."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Pero non se certifica nunha Xunta de goberno?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Non, non, non, na Xunta de Goberno págase* [Interrompe o concelleiro de Unidade Veciñal], *pero é que non é esa certificación, o concello non certifica, quen certifica é o director de obra. Seguinte pregunta, hai unha pregunta aquí do Bloque Nacionalista galego, xa son ás deste."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Que suerte! Xa non sei, que ilusión! Se me poden dicir, por favor,cal é?.*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A do río San Lufo."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Unha pregunta referida á balaustrada en Vigo,na beira río río San Lufo, en que fase está a adecuación e en que fase está a reposición da balaustrada de madeira do ríos San Lufo ao seo paso por Vigo, xa que vémola, cada vez en peor estado, co perigo diario que corre a xente que pasa por alí ."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Estamos, agora que se aprobou, por exemplo, os 20.000 euros de gastos do POS adicional, estamos intentando que estas pequenas obras se fagan con eso. Intentaríamos facela cun asfaltado da zona, a ver se somos capaces de facer asfaltado la zona e colocación da balaustrada. Seguinte pregunta."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Creo que é tamén do BNG."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, publicación do BNG, publicacións municipais."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Toda a veciñanza e usuarias en xeral, vemos que as publicacións feitas polo concello de Dodro nas redes sociais contén erros gramaticais en un entendemos*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

como pode ser posible isto, despois de ter una subvención de 8.646,7 euros, para unha persoa,de Normalización Lingüística, compartida con Rois xunto cunha empresa ou persoa, que nos gusta 544,5 euros mensuais para as redes sociais. Pensan controlar isto para que, polo módico prezo de 15,180 euros anuais, suma da subvención máis 544,5 por 12 meses, cando menos, poidamos ver textos cunha correcta redacción e gramática"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta ten dúas partes, dando resposta primeiro, coma vostede seguro que entende, cando se fan comunicacións, ou cando se envían á normalizado la lingüística que temos compartida con Rois, non está no seu posto de traballo, entonces a inmediatez que esixen as redes sociais, fan que a veces esto non poida ser posible, si que é verdade que estamos pendentes de de intentar controlalo e que non se repita ningún erro lingüístico e que o tema de redacción a gramática xa é outra historia, pero que non se cometan erros lingüísticos de nestas publicacións do concello. Seguinte pregunta"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"A última pregunta escrita, é referente ao hórreo de Imo, que desde hai anos que a referencia catastral que figura aí, no equipo de goberno, na que se asenta un dos claros en mal estado de un hórreo en Imo, así como inexistente contención de terreo de finca, están a supoñer un perigo para que vive o pasa por alí, aparte da valla municipal que obras ou accións ten pensado acometer o concello para evitar máis derrubes e incluso accidentes."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Este hórreo de Imo, é propiedade particular, coma case todos os hórreos, está asentado en terreo municipais. A solución para esto, xa a iniciou o anterior goberno no ano 2018, enviando a requirimentos aos propietarios de mantemento da propiedade, que é o que debería facer. Nós estamos tratando de falar cos propietarios para que a sua propiedade, instalada en terreo municipal, como tantos outros, non xere un perigo. De todas maneiras, xa se enviou a a patrimonio as noticias sobre a situación de hórreo, para ver que solución se lle pode en facer, sempre entendendo que é unha propiedade privada e que os seus responsable, son os propietarios do hórreo. Seguinte pregunta é a o Partido Popular de Dodro sobre..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"As pintadas de Concello que levan aí sete meses. Será esa?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"A primeira é maquinaria"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Maquinaria?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, non, esta, esta."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:" *Maquinaria non,*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

non temos ningunha."
Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"13.08:37, 13:25, primeiro é esta."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E cal é esa?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Mes de xullo, día 9"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si, a do mes de xullo día 9."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Empeza así :O pasado en mes de xullo ,...pero que a lea ela, que a busque."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Perdón, como di?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No pasado mes de xullo, dende o dia nove e ao longo de varios días, operarios municipais realizaron..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Esa é a primeira?*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Está asinada antes, non sei si se presentou antes, pero bueno. A primeira é a outra."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si me dejan...Cal é a primeira?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A do 13, é a que empeza 13 de xaneiro."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Ah, pois era a que lle dicía eu, non tiña nada de maquinaria."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Está asinada, vale é igual."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Dixo de maquinaria."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"É que... , é igual."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vale, o 13 de xaneiro, fai máis de sete meses, apareceron unhas pintadas no lateral de edificio do Concello e no centro de saúde, ese mesmo día, as pintadas do centro de saúde, de competencia da Xunta de Galicia, foron foron eliminadas das paredes grazas á rápida intervención de este grupo político. A día de hoxe, sete meses despois, as pintadas do edificio do Concello seguen sen limparse, dando unha*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

mala imaxe no Concello, así como deixadez e desidia por parte del goberno municipal e suscitando comentarios por parte dos veciños e visitantes no noso Concello. Por informacións que deron vostedes a algúns veciños e veciñas, parece ser que no limpalas porque non teñen permiso de Patrimonio, disque. Resulta curioso que para algunhas cousas lle dean o permiso moi moi rápido e para outras, tarde en mais de sete meses, salvo que tardaran vostedes moitos de meses en pedir, o que tamén pode ser. Poden dicirnos si é certo que non poden limpalo porque non teñen permiso de Patrimonio?, con que data o solicitaron? E cal é o motivo polo que non o limpan?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A ver, xa temos o permiso de Patrimonio, demorouse efectivamente a limpeza pola carencia do permiso, xa temos permiso de patrimonio e agora é un tema de organización de un traballo local, estamos intentando que abrigada, tan pronto remata a limpeza de festas e festexos, proceda a eliminar. Esperamos que neste mesmo mes de setembro quede eliminada a pintada."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"A seguinte tamén é nos ou non?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"A sete vinte e catro. No pasado mes de xullo, dende o día nove, concretamente nove de xullo, os operarios municipais, realizaron unha obra con maquinaria municipal e obra consistiu en realizar un tramo de alcantarillado na Veiga de Lestrobe , xa nos sona o tema, entendemos que esa obra é competencia de Viaqua, polo que preguntamos por que foi feita con operarios municipais? pode dicirnos ademais si consta do permiso de Patrimonio?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta obra foi feita por operarios de Viaqua e operarios municipais, como colaboración de máis obras que se fixeron la zona e que forman parte da pregunta aquí xa feita, ou das discusións aquí feitas, de ampliación de redes de saneamento en determinadas zonas de Concello, evidentemente si a obra necesita licencia de patrimonio, consideramos que a tería."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E foi feita en colaboración con Viaqua."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Efectivamente. As preguntas escritas, non hai máis preguntas, e hai preguntas orais, por orden de ..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Unha cuestión de orden, soamente unha pregunta. Orais cantas se poden, porque as que trouxemos aquí ao Pleno, podémolas facer ou non?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Orais dúas, unha por concelleiro"*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"As do anterior Pleno, suponse logo que non podemos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"É que non se sabía cales eran"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non se sabía cales eran. Dúas por concelleiro, total, de perdidos al río."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Ah, dúas por concelleiro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si estou dicindo, a do Pleno anterior e a do Pleno este. Cada un que pregunte. Portavoz da agrupación política Xente de Dodro"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno nós, temos unha pregunta soa. Vostede fai pouco, no anterior Pleno, creo que dicía que non fora o concello de Dodro, condenado por ningunha, no xulgado do social, condenado por ningunha reclamación, ningunha demanda de ningún empregado, simplemente confirmar que a sentencia de un agosto de 2023 do xulgado do social de Santiago de Compostela, condenando Concello, por non respectar os dereitos de conciliación de unha familia monoparental, que ten un fillo de 14 anos e grado de discapacidade do 39%, que require necesidades de atención personalizada e outro de once anos, si é verdade que non lle foron respectados os dereitos básicos de estatuto de traballadores ou non, se foi condenado ou non, o concello de Dodro'"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Contestarei no seguinte Pleno porque me acabo de quedar alucinado."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Está demandado o concello de Dodro, procuradora Teresa Maneiro Ces."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Algunha pregunta máis?*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si queres máis datos. A seguinte pregunta, o nomeamento desta procuradora para presentar recurso no Tribunal Supremo na sala social sobre que tema é? nos pode decir?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"De que procuradora? E sobre que é?*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Hai moitas procuradoras no Tribunal Supremo do concello de Dodro?"*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Non sei, as necesarias.*"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"As necesarias?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"As necesarias, si. Remate vostedede a pregunta por favor"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Llo digo. Procuradora Teresa de Rosario Campos Fraguas, recurso de casación do Tribunal Supremo sala do social, factura de 18 de xullo 2024, 262€"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, e cal é a pregunta?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si. Sobre que tema é, para acudir ao Tribunal Supremo da sala do social?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois non sei, contesto na seguinte pregunta"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Non sabe que está condenado o concello de Dodro por non respectar os dereitos básicos e non sabe para que nombraron unha procuradora."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, nós temos dúas. Na aldea de Bustelo hai un pequeno muro con moita, bueno, había un pequeno muro con moita maleza e o ano pasado, operarios municipais precederon a limpeza da maleza do muro. Ao pouco tempo desa limpeza, vese quite o muro ten perigo de caer e causar graves danos á veciñanza e á vía pública. Cónstanos que fai uns meses, veciños da aldea, falaron co alcalde deste tema, manifestando dúbidas, este, sobre a titularidade do muro, polo que se prestou a ir a ver o estado do mesmo e logo intentar acadar unha solución. Como disto xa fai und meses e o alcalde non se achegou aínda pola aldea, preguntamos cando ten pensado ir a comprobar o estado do muro e si xa comprobou a titularidade do mesmo e acadou algunha solución sobre o tema."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois mire, esta vouna contestar, porque fun a ver o muro, non é un pequeno muro, é un muro grande, grandísimo, moi alto, non é tan perigoso, encargouse un informe técnico e estase valorando o código civil, si o muro é responsabilidade do concello ou do propietario que ten o terreo arriba; recórdolle que o código civil di que o propietario de arriba é o propietario do talud, entón estamos valorando que ó mellor o muro non é cousa do concello".*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *entón aínda non*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

saben quen ten a responsabilidade.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *de entrada, tena o de arriba. Outra pregunta?*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Enterámonos esta mañá que o martes día 10 publicaron nas redes sociais a prestación do Plan de igualdade de Dodro, tivo lugar onte, día 11 de setembro, polo que limos nas redes sociais, ás dúas da tarde, no salón de Plenos do Concello. Nós enterámonos esta mañá, din a publicación que é un documento para fomentar e impulsar unha participación igualitaria da poboación e realmente, parece que non querían que a poboación se enterara deste acto, porque fixérona un día antes de que fóra o acto, tampouco parece moi axeitada a hora, ás dúas da tarde para que poida acudir a veciñanza e ademais a presentación dun documento tan importante coma este, que por certo, nos entregaron agora antes de chegar ao Pleno, os membros deste goberno non fomos invitados, nin tan sequera se nos mandou un mail dicíndonos que iba a haber esa presentación, descoñecemos os motivos de si non quería que viñésemos, a verdade é que resultounos moi sangrante enterarnos esta mañá despois de que fose o acto e ademais a publicidade que lle deron foi nas redes sociais un día antes, co cal preguntamos: por que non se nos preguntou ao reto da corporación municipal a presentación desta Plan?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Porque nos parecía que a presentación do Plan non era o máis importante, se non a existencia, a utilización e o coñecemento. Lamentamos enormemente non tela invitado,*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non a min, a toda a corporación."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pero o resto da corporación manifestou ata agora"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Entereime esta mañá."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, pero xa digo."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:*"Enterámonos agora que houbo presentación."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois efectivamente, lamentámolo moito, a presentación para nós segue sen ser importante, para nós o importante é a confección so Plan e bueno, é o que fixemos. Algunha pregunta máis?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non, nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" Si temos dúas por cada concelleiro. Na documentación que se nos entrega como concelleiros para a función de fiscalización do goberno, temos que se asignan informes técnicos urbanísticos por parte dun arquitecto técnico da empresa Estudio Técnico Gallego, S.A, encargado da asistencia técnica urbanística do concello de Dodro, esto sae nas comunicacións previas, nos informes sae así directamente e por outra parte vemos que se asinou un convenio de colaboración entre o concello de Teo e o concello de Dodro para o desempeño temporal da función de arquitecto municipal acordado en 12 de abril de 2024.*

Ante todo o anterior, pode dicirnos se realmente o arquitecto técnico dunha empresa privada pode asinar informes técnicos? e cal é o obxecto da colaboración entre o concello de Teo e o de Dodro para o desempeño temporal das funcións de arquitecto municipal? e si este traballo xa o fai o da empresa de Estudio Técnico ou están traballando os dous?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Contéstolle no próximo Pleno."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Vale. Sabemos que o alcalde tivo unha reunión cos traballadores laborais do concello, onde se lle informou da intención de eliminar o horario de verán co que gozaban dende fai moitos anos e tamén o teñen nos distintos concellos da comarca. Pode dixerinos cal é o motivo para eliminar o horario de verán dos traballadores e si foi acordado con eles?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O motivo non foi eliminar o horario de verá, o horario de verán non existe coma ta, no está recollido en ningún sitio, en ningún convenio, este concello non ten e era unha medida que se acordaba o alcalde de xeito, bueno, indiscriminado, este ano, o alcalde considerou que non había, que as necesidades de traballo, as necesidades de consecución de obxectivos impedía que seo fose adiante."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Ou sexa, que se eliminou o horario de verán, vale. Vista a resolución de alcaldía con data 16 de xullo deste ano, fai dous meses"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdón, unha cousa, respecto á pregunta, empezou vostede mal, no me reunín cos laborais, reuninme con todos os traballadores, corrixa a pregunta."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Estaban os laborais tamén, non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tamén estaban os funcionarios. Da a impresión de que solo llo quitei a non sei quen, non, non, estoulle dicindo, faga a pregunta ben ou se non contéstolle ou aclaro eu a pregunta, reuninme con todos os traballadores do concello."*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Ben, pero eu pregunteille polos laborais."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pero estoulle dicindo que eu reuninme con todos os traballadores, a decisión foi unánime para todos os traballadores."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"A pregunta foi polos laborais. Bueno, seguimos para rematar. Vista a resolución de alcaldía con data 16 de xullo deste ano, fai dous meses, onde se adxudica o contrato de substitución das luminarias do campo de fútbol de Chenlo e visto tamén na plataforma de contratación que o goberno dálle seis meses de prazo de execución da obra e que esta pode alargarse hasta xaneiro do ano que ven, case dez meses despois da licitación, mentres que na obra de substitución das luminarias de Imo, tiveron un prazo de execución de 15 días. Cales son os criterio para darlle tanto tempo de prazo de execución desta obra e con que medios se vai facer, pois esta contratación é unicamente de subministro de material?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esperamos que a obra primeira que vostede pregunta, estea instalada no mes de outubro, porque o plazo, bueno, era o que estaba no proxecto, no contrato, e bueno, as empresas teñen dificultade para subministrar certo tipo de materiais e estase, non vai pasar deste ano, evidentemente e esperamos que no mes de outubro, novembro estea instalado. Dito esto, tamén lle recordo que as obras de Imo, coma informamos no punto ..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si,. Si, en dación de contas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale, eso é do Fondo de cooperación local, era moito menos importe, era outro tipo de subvención, outro tipo de trámite, as luminarias do campo de fútbol é un tema de Deputación e ten outros prazos, ten outros tempos, sentíndoo moito."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"E con que medios se vai facer?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Está no contrato especificado."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"No contrato non pon os medios cos que se vai facer."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No contrato vaise facer a substitución das luminarias."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Pero o contrato é soamente para os aparatos, con que medios?, quen o vai poñer, Avelino, alí arriba?, vai subir Avelino?*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Subministro e instalación."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Pero non sabemos aínda coma se vai facer."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, vaise facer en outubro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si, vaise facer, pero non saben como, está claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non me acordo o título do, exactamente do expediente, pero creo que é colocación tamén."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Non, non é, xa llo digo eu. Está a resolución de alcaldía do 13 de marzo de 2024, onde se solicita á vicepresidencia primeira e consellería da vicepresidencia de xustiza e deportes a achega do fondo adicional, ao fondo de cooperación local para investimentos adicados á mellora da eficiencia enerxética de edificios de titularidade municipal coa denominación: "Mellora enerxética da cuberta do polideportivo, cun orzamento de 79.818€, onde se solicitan 60.000. Visto tamén, cinco meses despois, unha resolución de alcaldía de 23 de agosto, onde se aproba unha modificación de crédito de 60.000€ para o compromiso de achega de dita obra, pode dicirnos en que fase está esta obra?, e cando se vai a sacar a concurso?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Hoxe pola mañá.*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Dios, achineille."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Hoxe pola mañá. Vai vostede ao portal do Estado e agardemos que estea feito antes do 31 de novembro, unha subvención de bastante complicación para a súa realización, recórdolle que non é nada sencillo facer unha contratación. E veremos a ver se temos sorte e alguén o colle e alguén oi fai. Gracias pola pregunta. Señor Xoán Bautista, portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, rapidamente, volvemos á escola, neste caso á de Traxeito, como o goberno de Dodro ante a situación de mal estado da escola de Traxeito, na que se están a levar a cabo, actividades organizadas polo mesmo concello, ten pensado solucionar o problema que afecta á realización das mesmas, humidades, auga...?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois estamos intentando solucionar ese problema da escola de Traxeito, están no obradoiro de emprego de Terras de Iria, que se chama, unha actuación para esa escola que agardamos*

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que o concello de Padrón remate as súas obras faraónicas alí, para vir a facer a da escola de Traxeito. Algunha pregunta máis?Pois levántase a sesión."

Ás 23:27 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Documento asinado dixitalmente a marxe
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: gctc4mUfHFnTGAhIn5VR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.